

**MARIANO TUDELA (1925-2001)
E A SÚA XERACIÓN LITERARIA**

Discurso lido por

D^a OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

**ao ser recibida como Membro de Número deste
Instituto durante a sesión pública que se celebrou
solemnemente o día 28 de abril de 2025 no Salón
de Sesións do Palacio Municipal de María Pita da
Coruña, e a contestación a cargo do Membro de
Número D. Felipe Senén López Gómez**



A CORUÑA, 2025

Depósito Legal C 654-2025
Impreso en Global Print
A Coruña, 2025

**MARIANO TUDELA (1925-2001)
E A SÚA XERACIÓN LITERARIA**

Olivia Rodríguez González

É para min unha honra, unha das maiores da miña vida persoal e profesional, ingresar no Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses con este acto no fermoso Salón de Plenos do Concello da Coruña e perante tan honorable concorrencia. A institución, nada en 1964, encheu de luz un período pouco amable da historia cultural coruñesa: en pleno franquismo, si, pero nos anos de respiro que os intelectuais souberon aproveitar, aínda fosen debidos á conxuntura política, pois o obxectivo da *apertura* era lograr o ingreso na Comunidade Económica Europea (CEE) dun réxime que quería perdurar no tempo. Trascorridos máis de 60 anos, nun mundo moi distante daquel que a viu nacer, teño a fortuna de pasar a formar parte desta institución que sempre tiveron en gran estima, e máis hoxe, con Ana Romero Masiá como presidenta á fronte dun bo equipo, e acompañada eu polo meu admirado Felipe Senén López.

Os seres humanos somos memoria individual e social. Os discursos arredor da historia da cultura contribúen a configurar a nosa identidade colectiva, ao tempo que iluminan procesos actuais que non se entenderían sen acudir aos antecedentes que unha ollada meramente superficial impide percibir. Non doutro xeito, figuras e sucesos que no pasado ocuparon o centro dun campo cultural precario pero activo, poderían ser rescatados do esquecemento e sometidos a unha reinterpretación que lles faga xustiza histórica.

Lonxe dos centros de produción literaria española de posguerra —Madrid e Barcelona—, un grupo de escritores, artistas ou meros interesados pola cultura fixeron algo máis que nutrir o armeiro que ao longo dos anos 40 e 50 axudaría a remontar a herdanza de ausencia e silencio da posguerra. Cando a cohesión xeracional parecía forxada de vez con importantes actividades na cidade, algúns dos integrantes que exercían o papel de animadores do grupo acabaron dispersados noutros ámbitos.

Nas actuais historias da literatura, o enfoque metodolóxico que dá ao espazo a importancia epistemolóxica que ata agora ocupou o tempo, axuda a comprender por que esta xeración, da que Mariano Tudela é conspicuo representante, se ve afectada pola migración como principal característica. Non só como experiencia final, senón porque a orixe está condicionada polo feito de que a Coruña era da-

quela unha cidade de poboación minguada pola guerra e a represión franquista posterior. Contábase neses anos un número considerable de «residentes ausentes», que se acrecentaba polos efectos do exilio republicano, fundamental nesta historia. Artistas e escritores do grupo mantiñan lazos cos ausentes ou experimentaban en carne propia a migración cara a outro lugar de España ou do estranxeiro. Iso explica tamén o porqué da escolla ou non do idioma de Galicia para a expresión literaria, práctica doada na poesía galega —un xénero consentido nas publicacións da época—, mais difícil na narrativa, aínda que o grupo puido contar cun guieiro da importancia de Álvaro Cunqueiro, que na nova España estaba levando a cabo desde Galicia a reconstrución dese xénero en galego.

Hoxe contribúo a pagar unha débeda histórica para a xeración de persoas que tiveron nesta cidade a súa plataforma de lanzamento desde mediados dos anos corenta. Coa moeda vai tamén o resarcimento persoal dunha carencia como profesora e investigadora da literatura que non soubo valorar de inicio de onde viña, ata que, como o Adrián Sotelo de *Arredor de si*, de Ramón Otero Pedrayo, descubriu que o tesouro cultural estaba na propia casa e na cidade de orixe. Porque quixen ocuparme nesta tribuna dun escritor do quen son filla. Ata época recente non o fixen por un decoro mal entendido. E aínda hoxe é o día no que, a piques de pisar a non dubidosa luz da xubilación, levo por primeira vez as súas obras ás aulas de comentario de textos.

UN ESCRITOR CORUÑÉS

Mariano Tudela, do que o 23 de febreiro de 2025 se cumpría o centenario, procedía dunha familia de vellas raíces coruñesas con enxertos da inmigración industrial no s. XIX. Unha das bisavoas, Francisca Vilela Sanjurjo, rica herdeira de fortunas cubanas, casou con Jorge Luard Falconier, suízo-francés establecido a principios de século xunto ao irmán Enrique Luard, pioneiro da fotografía e o cine. Formaba o matrimonio parte do círculo masón, liberal e demócrata da cidade, cuxos ecos lle chegan a Mariano Tudela a través de libros herdados do pai, Francisco Rodríguez Luard que, xunto a Bernardino Varela do Campo, rexentaba nos anos republicanos un concesionario de automóbiles Hudson que acabaría incautado na Guerra. Pola súa banda, os Rodríguez, procedentes do Bierzo, ocuparan a finais do Medievo territorios de fronteira zamorana, tal como documentan executorias de fidalguía de principios do s. XVI. Por último, da xudería de Tarazona procedía o apelido Tudela, traído polo avó madrileño Álvaro Tudela Martín, que chegou á Coruña para embarcar rumbo a América e preferiu establecerse na cidade, casando coa filla do fareiro do Cabo Vilán, Carmen Ponte Blanco, irmá de persoeiros coruñeses, como Francisco Ponte Blanco, alcalde desta cidade e presidente da Real Academia Galega.

O neno Mariano Jesús fai bandas deseñadas, compón periódicos e afecciónase á literatura percorrendo librerías e descubrindo a biblioteca do Circo de Artesáns, en cuxo edificio se instala durante a guerra civil a Academia Galicia da que é alumno. Os primeiros artigos, dos anos 40, aparecen nas revistas *Lar e Airiños* de Buenos Aires, así como en *Juventud* ou *La Hora* do Sindicato Español Universitario (SEU), cando se matricula en 1946 na Facultade de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, carreira que deixará a principios dos 50 porque as tarefas culturais coruñesas lle requirían moito tempo e el ten decidido seguir a súa vocación de escritor. Que actividades son esas? Por orde de aparición, as *peñas* ou *tertulias* literarias desde 1946; a Asociación Cultural Iberoamericana desde 1950 e a revista *Atlántida* entre 1954 e 1956.



No monumento a Manuel Curros Enríquez, antes da conferencia de Camilo José Cela no Circo de Artesáns da Coruña o 5 de setembro de 1950. Urbano Lugrís, unha persoa sen identificar, Antonio Rivera Losada, Mariano Tudela, José María Kaydeda, Camilo José Cela, Francisco Tudela Camino, Joaquín Freire de Andrade. Foto Blanco.

Unha xeración artístico-literaria

A través de Arturo Lagorio, cónsul de Arxentina na Coruña ata 1947, entra en contacto con Álvaro Cebreiro, que daquela apenas sae de casa para reunirse con Ramón Villar Ponte e con Urbano Lugrís. O mozo escritor intima con eles na sede consular da Avenida de Linares Rivas, e aí vai forxándose o elo de unión entre un representante dos *nenos da guerra* e os superviventes galeguistas republicanos que empezan a sacudir a inmovilidade do exilio interior, para acompañalos nas novas aventuras culturais. As primeiras *peñas* ou faladoiros dos mozos celébranse a mediados dos 40 nos cafés Cantón Bar, Español, La Granja da rúa Real, e o Oriental nos baixos do Hotel Palace; e conflúen nun espazo tan importante como a librería Lino Pérez da rúa Real, rexentada entre 1947 e 1955 polo mediador artístico-literario e home de teatro Julio Ponte. Alí preséntanse novidades literarias e orgánzanse exposicións de Urbano Lugrís, Camilo José Cela, Alfonso Abelenda, etc.

Tamén algunha colectiva, como a protagonizada por Álvaro Cebreiro, xunto a caricaturas de Bagaría, Máximo Ramos, [Eduardo] Robles [Piquer], Sirio e Zas [José González Úbeda].

En 1948 considérase formado o «núcleo», en palabras de Tudela, dun «grupo que permaneceu unido y ensamblado durante cerca de diez años [...]», Álvaro Cebreiro, Urbano Lugrís, Mariano García Patiño, Juanito Naya, Manolo Santiago, Abelardo Suárez-Ferrín Zas, Paco Tudela, Antonio Couceiro Tovar, Amando de Ossorio, Luis Caparrós, Antonio Muíño Loureda en sus primeros tiempos, Pepe Cabezal, Pepín Béjar, Rodríguez Veiga, Hilario Gómez Pedreira, Miguel González Garcés, Antonio Molina, José María Kaydeda o Gerardo Porto y, cuando estaban en La Coruña: Antonio Lago Rivera, Ramón González-Alegre, Raúl Grien, Manuel María, Uxío Novoneyra, etc.» (Tudela, 1983: 73).

A forxa dun narrador

Na devandita listaxe, obsérvanse representantes de diversos gremios, non necesariamente artísticos ou literarios. Deixando a un lado os poetas, podemos afirmar que Mariano Tudela é neste momento o único escritor do grupo¹. O seu primeiro libro, de 1948, custeado polo pai, recolle contos baixo un título de homenaxe aos Luard: *La linterna mágica*. Ambientados na cidade e na aldea galegas, deixan translucir a pegada de Emilia Pardo Bazán, Ramón del Valle-Inclán e Wenceslao Fernández Flórez. Nunha entrevista di ter a Dickens e Dostoievski como mestres, así como a Galdós, a xeración do 98 —especialmente Valle e «el inmenso Baroja»—. Entre os novos, menciona a Camilo José Cela, Carlos Martínez-Barbeito, Marcial Suárez e Victoria Fernández España (Caparrós, 1948). Será esta última autora quen lle dedique en *La Voz de Galicia* a súa primeira e moi gabanciosa crítica (Fernández-España, 1948).

Comezara, ao parecer, escribindo versos, camiño abandonado, di, cando: «descubrí que no hay nada más insoportable que un mal poeta» (Caparrós, 1948).

1 Nunha conferencia de 1963, o historiador da literatura Benito Varela Jácome destacaba os novelistas coruñeses Mariano Tudela (1925), Daniel Sueiro (1931), Ramón Nieto (1934), Carlos Martínez-Barbeito (1913) e Fernando Bermúdez de Castro (1923), Premio Planeta este último en 1958 (Varela Jácome, 1963). Excepto o primeiro, foron membros itinerantes ou tiveron coa xeración *Atlántida* relacións ocasionais.

Porén, a fonte desa poesía ensaiada é a mesma que flúe na súa narrativa, como Manuel María, membro itinerante da xeración, indicou en *Vida Gallega*:

«Tudela tiene un primerísimo puesto en la narrativa española de la postguerra. Desde su primer libro *La linterna mágica*, hasta su última novela *Más que maduro* pasando por *Torerillo de invierno* y *El hombre de las tres escopetas* se ve toda la experiencia humana y vital que Mariano Tudela fue adquiriendo para ir la dando en sus páginas generosamente, magistralmente. [...] Los cuentos de Tudela, dentro de la literatura gallega, tienen una singularidad que es preciso señalar aquí: su ternura, una ternura grande como el mundo, y su ironía. Una ironía piadosa y humanísima». (Manuel María, ms., circa 1956).

O narrador fai viaxes frecuentes a Madrid co seu primo Francisco Tudela Camino e ambos acoden aos cafés Teide e Gijón, onde atopan a César González Ruano e a Camilo José Cela. Co escritor de Padrón, Tudela iniciara correspondencia en 1947 como portavoz da *peña* que o propio Cela visita por vez primeira nunha escala da viaxe oficial para unhas crónicas sobre Educación y Descanso en *Pueblo* en 1948, das que sairá o libro *Del Miño al Bidasoa*. Aproveitan entón a ocasión para pedirlle a lectura na librería Lino Pérez dunhas páxinas de *La colmena*, aínda non editada. Consolidada a amizade, despois dun conto longo, *El hombre de las tres escopetas*, aparecido na Colección Hordino de Santander, Tudela publica con limiar de Camilo José Cela *El torerillo de invierno* na editorial barcelonesa Luis de Caralt en 1951: un éxito que o coloca en boca de todos como o escritor novo cuxa fama —ao dicir da poeta Luz Pozo Garza, participante das *tertulias* cando acudía ao Conservatorio— chegou a ser, polo menos nesta cidade, superior á de Cela.

Pola mestura de tremendismo, ramonismo e cínico desenfado fronte á realidade, Ignacio Soldevila sinala esta novela como un elo entre a narrativa de posguerra e a de Andrés Carranque de Ríos, escritor anarquista dos anos 30 (Soldevila, 1980: 299). Con influencia barojiana, narra as peripecias dun toureiro galego que viaxa a América para triunfar, pero termina noutros oficios que o levan ao mundo do lumpen ata o retorno a España, onde sobrevive como gigoló de turistas ianquis nos hoteis de Madrid. No banquete-homenaxe que por todo o alto lle tributan ao escritor en febreiro de 1952 por esta primeira novela, chegan desde Madrid felicitacións de nomes clave do Instituto de Cultura Hispánica: Alfredo Sánchez Bella, Leopoldo Panero, Francisco Sintes Obrador, Carlos Lacalle e Camilo José Cela.

A Asociación Cultural Iberoamericana (ACI)

A razón é que unha boa parte dos integrantes da *peña* fundan o 1 de outubro de 1950 a Asociación Cultural Iberoamericana (ACI) por iniciativa de Pascual-Luis Gantes de Boado, aspirante a diplomático. Amplía así o campo de acción un núcleo *tertuliano* «que luego se iría estirando y modificando», en palabras do escritor (Tudela, 1983: 73). A ACI trátase, sobre o papel, dunha entidade colaboradora e adherida ao Instituto de Cultura Hispánica que se funda en El Escorial en 1946 e que vai ter unha influencia fundamental na cultura do Réxime como instrumento de expansión neocolonial en Hispanoamérica, única vía de fluxo do franquismo illado internacionalmente. Ou non tan illado, porque esa vía nace ao amparo dos católicos de Estados Unidos e a partir dese ano, os chanzos para conseguir o recoñecemento nas organizacións internacionais do réxime de Franco van irse subindo ás alancadas, fronte á oposición moi forte do goberno da república no exilio e das democracias occidentais que o recoñecen. Os consulados comerciais das repúblicas iberoamericanas e a rede migratoria de *ex-residentes* (indianos) exercen, pois, na Coruña, un papel fundamental.

As actividades da ACI teñen esa base, si, pero son levadas a cabo pola maioría dos socios fundadores cun espírito alleo aos obxectivos propostos, e especialmente afastado da Falanxe e de Acción Católica. Inaugúrase a sede nun piso do edificio de Sindicatos da rúa Pardo Bazán en 1951, logo trasladada —en 1955— á Casa da Cultura do Xardín de San Carlos. Tras o número 1 que ostenta Pascual-Luis Gantes de Boado no seu carné, Tudela ten o número 2 e Urbano Lugrís o número 3, seguidos dos 50 socios fundadores. O arquitecto e fiscal da vivenda, Juan González Cebrián, preside a primeira directiva e outros cargos recaen en Gantes de Boado, no fiscal de antecedentes republicanos Antonio Couceiro Tovar e no bibliotecario e poeta Miguel González Garcés. Mariano Tudela é vogal de Exposicións e Certames na Comisión Executiva, na que figura tamén Fernando Mon, un falanxista gañado para a causa da crítica artística. Outras vogalías son ocupadas polos directores de *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego*, amais de Enrique Mariñas, Urbano Lugrís, Rodrigo A. de Santiago, Francisco José de La Colina, Luis Monteagudo e Amando Ossorio. Hay unha sección universitaria, con Emilio Quesada, J.L. Alonso Zato e Gabriel Alonso. E unha sección feminina colaboradora, con 74 membros a finais de 1951, entre as que aparecen Ascensión González Deus, Victoria Guerrero García, Hebe Chás de Miguel, Olga Macho Ramos e Isabel Nieto Álvarez-Uría, á beira de escritoras como a xa mencionada Luz Pozo Garza. Tras episodios de desbaldimento, non só por insensatez bohemia, senón por falta de regulamento no envío de

compromisos desde Madrid, prodúcese unha renovación forzada por parte dos protectores do Ministerio, e os membros da xeración son substituídos en 1954 polos máis reaccionarios do chamado «Círculo de Estudios Migratorios». Era conveniente, pois como dicía Alfredo Sánchez Bella a Luis Caparrós en 1951: «la guerra civil española no se habrá liquidado hasta que finalice allí, en Hispanoamérica», e a relación de Coruña e Galicia con ese mundo é fundamental para logralo (Caparrós, 1951).

Ata entón, tempo tiveron de organizar unha Bienal de pintura galega para un segundo certame nacional en Madrid, onde se mesturaron pintores de antano, como José Seijo Rubio, Laxeiro, Maside ou Julia Minguillón, cos novos, como Antonio Lago Rivera, José María Labra, Antón Tenreiro, María Antonia Dans e Gloria de Llano. Convocaron en 1952 uns Xogos Florais, con Wenceslao Fernández Flórez, Camilo José Cela e Eugenio Montes, onde choveron premios para os poetas foráneos do círculo de Cela no café Gijón. E houbo cursos de verán con Manuel Fraga Iribarne e Torrente Ballester, entre os convidados, amais de conferencias, representacións e lecturas teatrais, cine, concertos, etc. O grupo espállase por distintos locais pola diversidade de actividades culturais que protagonizan: proxeccións do cineclub, representacións e lecturas de teatro de Antonio Naveyra, actos na Asociacións de Artistas e na Asociación da Prensa, etc.

Agora os membros da *tertulia* reúnen-se no piso da ACI, na Casa da Cultura, en Casa Henrique e no Café Galicia, sede case definitiva que terminará decorada con pinturas de Lugrís. Son fixos, ademais dos primos Mariano e Paco Tudela, Antonio Prieto Puga, Manolo, fillo do dono do Hotel Sevilla; Antonio Molina Melero e o irmán, pai de César Antonio Molina, Manuel Vázquez Peña, médico e un dos finalistas do Premio Nadal en 1957, Urbano Lugrís, Dionisio Vázquez Yebra, tamén médico; Antonio Couceiro e Pepín Couceiro, de Radio Juventud. Os non fixos eran asistentes esporádicos, como o futbolista Cheché Martín, felizmente recuperado; ou intelectuais e artistas que viñan de fóra, como Manuel María, Uxío Novoneyra ou Luz Pozo Garza.

Unha vez apartados da dirección da ACI, Mariano Tudela, que segue matriculado na universidade, obtén unha bolsa de viaxe de estudos, nos últimos meses de 1953, polo norte de Italia e Francia, pasando por Barcelona. Vai publicando a crónica en *La Voz de Galicia* e na revista *Semana*, mesmo informando da volta por Madrid, en cuxo Centro Gallego atópase con Ben-Cho-Sey, Manuel Hermida Balado e Dionisio Gamallo Fierros. Entre os artigos enviados, destacan os que falan da vida cultural parisina e, en especial, das súas visitas a María Casares, que coñecera de neno cando acompañaba a Montrove á súa tía Peruca, Carmen Patiño Ponte, secretaria de Santiago Casares Quiroga e exiliada despois en México.



Álvaro Cunqueiro e Mariano Tudela, nos Cantóns da Coruña,
camiño dunha conferencia do curso de verán da ACI.

A revista *Atlántida*

Á volta desa viaxe, comeza a aventura de *Atlántida*, revista da Delegación de Educación Nacional do distrito universitario de Santiago. Enrique Míguez Tapia é o responsable oficial, pero o seu nome non figura, como ningún outro dos que traballan nela, porque a publicación carece de *mancheta* ou créditos. Trátase do feito xeracional máis importante para este grupo de artistas e escritores: unha publicación amparada por Gaspar Gómez de la Serna, con cargo no Ministerio de Educación Nacional de Joaquín Ruiz Giménez e primo de Ramón Gómez de la Serna, daquela residente en Buenos Aires. Mariano Tudela

recibe o encargo persoal de poñela a funcionar, para que o director oficial, Míguez Tapia, amigo de vello da súa familia, poida sacar de enriba tamaña tarefa. O proxecto queda decidido nunha reunión na casa do pintor Labra: revista de vangarda, atenderá arte e literatura, novas sobre cine, teatro e outras actividades universitarias, baixo a dirección literaria e artística, *de facto* e respectivamente, de Mariano Tudela e Urbano Lugrís. A este último debe o nome mítico, no que o pintor se inspira para unha impresionante portada. Non é simple coincidencia que o primeiro número de *Atlántida* saia en febreiro de 1954, un mes despois da desaparición de *Alfar*, que seguía publicándose en Montevideo na súa derradeira etapa. Tampouco o é que tamén en febreiro se edite o libro *La Peña y la peña*, no que Julio Rodríguez Yordi retrata os *tertulianos* que no café homónimo da rúa Real se reunían nos anos 20 para compoñer, baixo a batuta de Julio J. Casal, a revista *Alfar*. O libro, que durmira 30 anos nun caixón, traía agora á memoria, dunha maneira tímida pero moi efectiva, importantes figuras da cidade, algunhas asasinadas ou exiliadas. Na nota necrolóxica que lle dedica a J. J. Casal en 1955, Tudela escribe: «Alfar representó el espíritu coruñés de horizontes abiertos e inquietudes de época. Y esto precisamente es lo que pretendemos continuar nosotros, en cierto modo herederos directos de *Alfar*» (*Atlántida*, 1997, n.º 7, enero-febrero 1955: 11). Non en van, colaboran con eles Álvaro Cebreiro, Ángel del Castillo e José Seijo Rubio, superviventes daquela importante revista.

Con cada número —algúns son dobres ou triples—, *Atlántida* ofrece separatas de poesía de Álvaro Cunqueiro, Carlos Martínez-Barbeito, Miguel González Garcés, trobadores medievais, Manuel María, Luz Pozo Garza, Pura Vázquez, Xosé Antón Avilés de Taramancos e Manuel Casado Nieto. En canto ás seccións fixas, Lugrís ocupábase das biografías de galeguistas ilustres en «Ventana al pasado» e Mariano Tudela e Fernando Mon encargábanse de «Artistas gallegos de hoy». Un poema dramático de Avilés de Taramancos uníase a artigos sobre teatro de Luis Iglesias de Souza, Antonio Prieto Puga, Alfonso Sastre e Mariano Tudela. Sobre poesía reflexionaba Miguel González Garcés e publicábanse creacións de Lugrís, González Alegre, Cunqueiro, Antonio Tovar, Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel Fabeiro Gómez, Xosé Díaz Jácome, Francisco J. de la Colina e Celso Emilio Ferreiro. En canto á narrativa, apareceron contos de César Augusto Álvarez, Mariano Tudela, Urbano Lugrís, Ramón Gómez de la Serna, Antonio Rivera Losada, Alejandro Núñez Alonso, Francisco J. Alcántara (gañador do Premio Nadal en 1954), Medardo Fraile e Ramón Gómez de la Serna. E hai ensaios sobre o xénero de Mariano Tudela, Josefina Rodríguez de Aldecoa, Manuel de Santiago («Jacobo Viqueira») e José Couceiro Tovar, que se ocupaba da maioría das recensións literarias. O encargado de escribir sobre cine era Rogelio R. Romero. Por último, colaboraron, ademais do reitor Legaz Lacambra, Pascual Gantes de Boado e o ruso

branco Alexis Bibicov, xunto a Álvaro Cunqueiro, José María Castroviejo, Xosé Filgueira Valverde, Ángel del Castillo, Juan Naya, Benito Varela Jácome, Ramón Gómez de la Serna, Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco.

Vemos, pois, varias xeracións en *Atlántida*, con representantes da literatura española e galega unidos polos mestres homenaxeados: Eugenio D'Ors, José Ortega y Gasset e Ramón del Valle-Inclán. Se está ausente o nome de Camilo José Cela, cuxa firma foi requirida por Tudela cando se preparaba a saída da revista, debeuse a estar ocupado na súa aventura americana, que tantos beneficios lle reportaría en breve.

Finalmente, non podemos deixar de subliñar a presenza de artistas plásticos na revista *Atlántida*, xa non como obxecto de estudo, senón como ilustradores. Nela deron renda solta ás súas creacións, á beira de Urbano Lugrís e Álvaro Cebreiro, José María Labra, Mariano García Patiño, Antón Xesús, Antonio Tenreiro, Alejandro González Pascual, José Ramón Villar Chao e Alfonso Abelenda.

A denuncia dun militar con cargo político, que tiña como espoleta as revoltas universitarias de 1956, puxo fin a *Atlántida* co secuestro do último número de 1956, co pechamento definitivo e cunha noite de Mariano Tudela na comisaría por distribuír despois da prohibición o n.º13, dedicado a Ramón del Valle-Inclán. Pouca cousa, pero suficiente para convencelo a el e algúns máis da necesidade de cambiar de escenario. A el, sobre todo, porque á beira do pechamento da revista e o escándalo no pequeno mundo burgués da cidade, dous sucesos van ser determinantes para poñer rumbo fóra: o falecemento de Cebreiro, a súa máis íntima conexión co ilustre pasado da cidade. E a publicación, con moi boa recepción crítica, en marzo de 1956, da súa segunda novela, *Más que maduro* —de composición cinematográfica e con personaxes dos baixos fondos de Madrid aos que o novelista se achega con humanísima comprensión—.

O grupo aínda prolongará o traballo periodístico colectivo na 2ª época de *Vida Gallega*, que José Díaz Iglesias segue a imprimir na Coruña e que ten a Mariano Tudela aínda no papel de compilador desde Madrid de colaboracións moi ben pagadas. Pola súa banda, tras a disgregación que fai desaparecer a *tertulia* —tan só recuperada algúns días no verán—, a Asociación Cultural Iberoamericana volverá, unha vez equilibradas as contas, ás mans dos representantes dos fundadores, pilotada por Miguel González Garcés e Antonio Molina ata a súa desaparición en 1976. Eles sosteñen o facho e novas xeracións irán incorporando a súa actividade ao desenvolvemento cultural coruñés.



Caricatura de Mariano Tudela por Cebreiro, anos 50.

Xeración Atlántida

En 2019, nun libro coordinado por Ricardo Gurriarán, empreguei por vez primeira esta marca, malia a miña prevención de teórica da literatura ante o uso e abuso do concepto «xeración literaria»:

«Desde mediados dos corenta viña Tudela celebrando *tertulia* en varios cafés con amigos aos que axiña a actividade intelectual de seu os consagraría como xeración coruñesa dos cincuenta ou, se quere-mos afinar máis, «Grupo Atlántida». [...] O nome [...] viría xustificado pola revista *Atlántida*, principal plataforma de expresión e difusión do grupo, xunto a *Vida Gallega*, 2ª época e os xornais *La Voz de Galicia*, *La Hoja del Lunes* e *El Ideal Gallego*» (Rodríguez, 2019: 113).

Vou permitirme agora apoiar a pertinencia desta denominación nas ideas sociolite-rarias de Karl Manheim, tomadas dos estudos de Arturo Casas sobre a xeración de Rafael Dieste (Casas, 1994: 68-70). Parte o alemán de tres nocións que permiten usar o concepto de xeración dun xeito flexible e acoplable a distintos momentos históricos: a «conexión xeracional» que equivale á situación de clase ou unidade

histórico-social que participa dun proxecto/destino colectivo común. A «situación xeracional» ou marco de potencialidades de experiencia e pensamento asociado a clases de idade próximas dentro dunha mesma comunidade de vida histórica. E a «unidade de xeración» ou grupo concreto, con certa conexión xeracional de afinidades compartidas, que presenta reaccións unitarias aos sucesos socio-culturais experimentados e que non teñen que compartir idade necesariamente.

Desde este enfoque, podería falarse dunha xeración formada polos que na Coruña viviron na infancia a guerra civil e primeiros anos da posguerra e entraron na vida cultural a mediados dos 40 en compañía de intelectuais e artistas con traxectoria precedente e capacidade de mestrado sobre eles. Os compoñentes son artistas, escritores, periodistas e outras persoas con afeccións culturais, pertencentes na súa maioría á pequena burguesía. Caracterízaos os seguintes trazos xeracionais:

- As *tertulias* urbanas como principais espazos de sociabilidade e onde o núcleo se rodea dun extenso número de compoñentes.
- Doado acceso a institucións oficiais e medios de comunicación, especialmente á prensa, pola súa situación de clase.
- Itinerancia e dispersión espacial, riscos que conducen á disgregación da xeración, ao cabo de dez anos de vida.
- En canto ao exercicio da literatura, nun mesmo espazo e con prevalencia da expresión en castelán como única que asegura un futuro profesional, conectan as dúas literaturas coexistentes antes da guerra, nun momento no que se está deseñando o futuro do sistema débil —o galego— desde a resistencia.

Os escritores que non empregan a lingua galega apoian a aqueles que si o fan ou empezan a facelo, desde Manuel María a Luz Pozo Garza ou Avilés de Taramancos, que estrea en *Atlántida* o seu nome e traxectoria poética. O peso de Álvaro Cunqueiro neste sentido fíxose notar: nas separatas da revista só os seus textos e os de Manuel María e Avilés de Taramancos, á parte dos poetas medievais, son galegos. Non se mantén este equilibrio sen polémica, como a que ten lugar con bastante ruído a raíz da publicación da primeira antoloxía poética galega contemporánea por Francisco Fernández del Riego en 1955. Tudela, polo menos, ten claro o criterio do idioma para a distinción de literaturas no mesmo espazo interliterario, non así os directamente implicados, como Ramón González Alegré ou Miguel González Garcés, aínda que este último terminará cambiando de idea cando se consagre á poesía galega.



Faladoiro do Café Galicia. Á esquerda: Miguel González Garcés, Ramón Nieto, Chon González Deus, Daniel Sueiro, Mariano Tudela e, ao fondo, Luis Caparrós. Foto Alberto Martí para: Ángel Padín Panizo, «La Coruña, gran fábrica de novelistas...», *La Hoja del Lunes*, 5-8-1957: 10, 8.

A dispersión cara á comunidade *madrigalega*

Mariano Tudela casa en novembro de 1956 con Ascensión González Deus, deixa A Coruña e instálase en Madrid. O mesmo fai José María Labra. E Alfonso Abelenda terminará residindo en Madrid tamén, cidade á que viaxa con frecuencia Miguel González Garcés para reencontrar os amigos. Tamén Urbano LUGRÍS, que se instala unha vez máis en Vigo, visita con frecuencia Madrid, onde intenta facer carreira.

O caso é que Mariano Tudela dubida entre trasladarse a Barcelona, onde están as editoriais para as que traballan tanto el como Chon González Deus como tradutora. Pero escolle Madrid e o seu mundo literario, porque, entre outras razóns, ofrécelle a oportunidade de, sen deixar as cabeceiras da súa cidade natal, traballar na prensa e como guionista de cine, radio e pronto televisión, camiños todos preparados e algúns emprendidos grazas a compañeiros da Coruña dos 50.

Así, pasa a formar parte tamén da comunidade madrigalega —aínda o cualificativo non é posto en circulación por Borobó—, na que xa atopara a Cela ou a Marcial Suárez e onde coincidirá cos galegos que fan arte, periodismo e literatura. No oficio, Tudela chega formado e con moi boas relacións. Pero interésalle, sobre todo, a súa carreira de novelista, e intégrase de cheo na Xeración dos 50, que conta co grupo de Madrid e a escola de Barcelona. Desde antes de aparecer *Atlántida*, coincidía con eles en *tertulias* e publicacións (*Juventud*, *La Hora*, *Estafeta Literaria*, etc.) e segue a manter agora complicidades, algunhas fondas e para sempre: Carmiña Martín Gaite ou Ignacio Aldecoa, chorado prematuramente.

Con «Jesús Fernández Santos, José María de Quinto, Alfonso Sastre e outros» (Tudela, 1984:132-133), coincidira desde os primeiros anos 50 na tertulia do café La Elipa da rúa de Alcalá, e desde que reside en Madrid, atópase con Aldecoa na taberna Jerez da rúa Infantas; ou cítase pola noite no Comercial da glorieta de Bilbao co grupo, ao que se unen Azcona, Berlanga e Eusebio García Luengo. E os días do café Gijón, xoga ao fútbolín nas tabernas da zona con Jesús, Carmiña e o galego Moncho Cid. Co tempo, este grupo e o de Ana María Matute, os Goytisolo, Alfonso Grosso, José Manuel Caballero Bonald, etc., acabarán diluídos nas historias da literatura fronte á Escola poética de Barcelona, canonizada por obra e intelixencia de Carme Riera.

A historiografía actual, dominada polo campo literario catalán, onde hai unha importante «delegación sistémica» castelá, tende a privilexiar a poesía por riba da narrativa e a mover o péndulo cara ao grupo barcelonés. Tudela advirte a principios dos 80 o fenómeno, que non ten nada de raro, pois a denominación «Xeración dos 50» fora creada polo crítico do grupo barcelonés, José María Castellet, na revista *Laye* (Sanz, 1984: 408), nun momento, por certo, no que traballa para Cela aupando a literatura peninsular en *Papeles de Son Armadans*. Ante isto, o coruñés opta por defender outra denominación:

«Plenamente decantada la generación de la pos-guerra, 1945, surge el brote, la actividad de la que habrá de venir, para mí del 60, aunque hoy se hable mucho de la generación poética de los cincuenta». (Tudela, 1984: 146).

De feito, nas historias actuais, na narrativa dáse relevancia ao grupo de novelistas sociais (Armando López Salinas, Antonio Ferres, Alfonso Grosso e tamén Juan García Hortelano), quedando o grupo realista esgallado nun segundo plano ou como moito, considerado como *socializante*.

Vida madrileña en tres fases

A vida profesional de Mariano Tudela transcorrerá, pois, en Madrid durante coarenta e cinco anos nos que se pode falar de tres fases marcadas pola historia cultural e literaria española:

1ª. 1956-1969. Segue a frecuentar espazos de sociabilidade literaria, como estamos vendo, e a escribir narrativa e colaboracións na prensa —sen abandonar a conexión galega, por exemplo, con *La Noche* de Borobó—. Entra de cheo tamén no labor de biógrafo, que inicia con *La Bella Otero* en 1957 para seguir imparabile con estes traballos que teñen moito de novela e cos que o escritor asegura desfrutar tanto como na narrativa de ficción. Neste campo, en 1959 publica *El techo de lona*, novela sobre o mundo do circo ambulante que o crítico Leopoldo Panero relaciona cos libros de viaxe de Camilo José Cela e coa resolución da trama de *El Jarama* de Sánchez Ferlosio (Panero, 1959).

Diciamos máis arriba que Tudela estaba moi ben posicionado polas súas relacións en Madrid, non só con César Collazo, director xeral de prensa casado coa amiga coruñesa María Antonia Dans. Tamén cos antigos liberais da contorna de Cultura Hispánica e con Manuel Fraga Iribarne, que vai ascendendo na escala dos cargos políticos. Nestes primeiros anos en Madrid cando, malia a represión como sistema, continúan as revoltas universitarias e empezan as cartas de intelectuais dirixidas a ministros do Réxime, el procura afastarse de liortas literarias como as que presenciou arredor de Cela e viviu en carne propia na Coruña. Porén, aparece a súa sinatura nunha carta dirixida ao MIT en protesta pola censura literaria en novembro de 1960 e cunha longa lista de asinantes, desde José María Moreno Galván a Carlos Martínez-Barbeito ou mesmo, José María Pemán, o que fai pensar nunha manobra de varias fontes, encamiñada á substitución da lei de censura promulgada en plena guerra civil. O certo é que Mariano Tudela non pode moverse moito porque traballa nos medios oficiais, como a radio da Delegación Nacional de Juventud. Neste ámbito inclúese, ademais da Escola Oficial de Periodismo, a Editorial Doncel, que publica libros infantís e xuvenís de Rafael Morales, Concha Castroviejo, Carmen Conde, Tomás Salvador e autores traducidos como Astrid Lindgren e onde, co libro *La vida del joven Andersen*, gaña Tudela o Premio Doncel de biografía en 1962.

É nomeado director da revista CAR (da Cadena Azul de Radiodifusión), na que traballará nos case tres anos da súa existencia, de 1964 a 1966, escribindo editoriais, crítica de libros, reportaxes e crónicas, xunto cun equipo que, unha vez máis, marca un estilo de modernidade inesperado nese contexto. O

subdirector, que escribe sobre política internacional, é Alfonso Palomares; e entre os colaboradores figuran César Navascués —fillo de César González Ruano—, Francisco Umbral, o pintor Rafael Usandivaras no suplemento infantil, Eugenia Serrano, Álvaro de Laiglesia, Manuel Alcántara, Federico Muelas, Albino Mallo, Jorge García Barros, Matías Prats, Luis del Olmo, M. Antonia Dans e Alfonso Abelenda para os chistes e pasatempos. Mesmo Chon González Deus, coa firma *Helena*, encárgase das consabidas páxinas para a muller. O pechamento da revista en 1966 seica fose resultado da reorganización derivada da Lei de Prensa de Fraga, ministro de Información y Turismo (isto é, de Propaganda do Réxime) desde 1962. Tudela coñeceu polas actividades da ACI coruñesa e el mesmo cóntase no grupo de escritores e periodistas galegos dos que o político se arrodea e no que destaca Cela como gran asesor. Así, xunto a firmas tan recoñecidas como a de Álvaro Cunqueiro, escribe Tudela reportaxes na campaña de desenvolvemento turístico do ministro, orixe da reactivación do Camiño de Santiago. Tamén lle dedica unha biografía a Camilo José Cela, rematada de escribir no verán de 1969, con España en estado de excepción e o escritor de Padrón sen escudo pola defenestración de Fraga no ministerio.

Dedica unha novela á emigración a Europa, *Nueva tierra de promisión*, en 1963, e atópase de novo co ir e vir dos trasterrados. Un dos emigrados que volven para retomar a vida literaria é Xavier Bóveda, que falece unha noite na que Tudela chama ao doutor Barros Malvar para atendelo, sen conseguir que chegue a tempo, e pide axuda a Luís Seoane para localizar a esposa que quedou en Buenos Aires. No café Gijón, fai amigos na mesa de José Luis Barros, Gustavo Pittaluga, Pepe Bergamín e Pepe Caballero, e estreita lazos co coruñés Alberto Paz y Mateos, outro exiliado dedicado ao teatro que non logra o retorno previsto. Tamén ve a Daniel Cortezón, grande amigo de Dionisio Gamallo Fierros, compartindo a mesa dos galegos no café, encabezada por Baldomero Isorna, con Ángel Lázaro, Tino Grandío, Cristino Mallo, Maruxa Mallo, Celso Emilio Ferreiro, Daniel Sueiro ou o poeta de vangarda Carlos Oroza.

É unha época na que se relaciona con autores dentro e fóra do mundo oficial, como José María Sánchez Silva, Rafael Morales, Rafael Montesinos, Tomás Borrás, Gloria Fuertes, Eugenia Serrano, Francisco García Pavón, Eusebio García Luengo, Manuel Cerezales, Carmen Laforet, Elena Quiroga, Lauro Olmo, Gabriel Celaya, Jesús Pardo, etc. Tamén, co grupo de humoristas continuadores do ronsel cómico da hoxe chamada «outra» Xeración de 1927: Tono, Álvaro de la Iglesia, Edgar Neville, José López Rubio... Tudela mantén e amplía círculos de amizades literarias, que ás veces lle veñen dadas por circunstancias de vida, como o feito de compartir veciñanza no n.º 4 da rúa Fuenterrabía, con Pepe Hierro, Ismael Medina, José María Moreno

Galván e José María Labra, co que está emparentado politicamente, pois Hebé Chas de Miguel é prima de Chon González Deus. Aínda era Madrid unha cidade de dimensións moi pequenas.

2ª. 1970-1983. Unha segunda fase, cando a sociedade española se encamiña á primeira gran crise do petróleo, atopa a Mariano Tudela procurando fontes de ingreso mentres arde o país coa represión obreira. Escribe crónicas para *El Ruedo* de Carlos Briones, semanario taurino que empezou vendéndose co *Marca* e alcanzou cotas de calidade notables antes de ser clausurado en 1977. Tamén está asinando con pseudónimos, ao longo de 1971 e 1972, «La Galería Siniestra», unha serie de vinte noveliñas populares da historia do crime, contratado pola Editorial Rollán, despois de que dous dos seus libros máis vendidos foran no pasado *Biografía de la prostitución* e *Historia del gansterismo*. No seu obradoiro persoal non deixa de facer guións televisivos, labor iniciado en 1963; e dá o *acabado literario* ás traducións realizadas pola súa esposa do italiano, portugués, galego, inglés e francés. É dicir, Tudela é un escritor de oficio: aquel que, como afirma Ignacio Soldevila, fronte á imposibilidade de especialización exclusiva na novela, en ocasións e por encargo, debe dedicarse «*industrialmente* a la novela por entregas, o a outras formas de novela especializada sin prestigio propiamente literario» (Soldevila, 2001: 169). Porén, continúa a traxectoria fundamental coa novela que sae á luz en 1972, *Últimas noches del corazón*, con escenario madrileño e nostalxias de amores prohibidos.

Morre o ditador e vai notándose un cambio xa no momento, 1976, no que escribe *Vivir en La Coruña*, homenaxe á súa cidade natal, ás súas xentes e costumes, tipos pintorescos, cafés e fondas: un retrato asemade íntimo e social para o que se guía polos cinco sentidos da memoria: olores e sabores, chuvia e vento, luces cambiantes e sinfonía sonora coruñesa. O libro sería traducido ao galego en 1999 e presentado por Manuel Álvarez Torneiro na librería do recordado Fernando Arenas. E como non, nas Portas Ártabras do seu novo amigo Felipe Senén, técnico de xestión cultural na Deputación da Coruña e responsable da edición.

3ª. 1977-2001. No último tramo, Mariano Tudela vai desquitándose de tantos silencios forzados e aborda temas como a guerra civil e o exilio republicano na súa novela máis coruñesa, *La madrugada de las mercenarias*, que ten como centro a vida das prostitutas do Papagaio (1977), con Santiago Casares Quiroga paseando a sombra da lenda maldita coa que o denigraron. E desenvolve a paixón republicana dos exiliados en *Amarga canción del recuerdo*, novela que Carlos Gurméndez inclúe na colección «España Derramada» en 1988.

Por outra banda, ensaia un dos xéneros daquela non canónicos e hoxe prestixiados, sendo un dos primeiros novelistas do relato policial en España, co detective Tadeo Andrés en *Los cómplices del sol* (1977). E atrévese, tras unha biografía dedicada a Pancho Villa, coa novela de aventuras con ecos cinematográficos do *far west* na fronteira mexicana en *El aliento del diablo* (1977) e a súa continuación aínda inédita, *La guerrilla de Marito Parra*, premio Ramón Gómez de la Serna en 1996.

Con *Álvaro Cebreiro, Vida y afanes de un creador*, para a editorial de Isaac Díaz Pardo, volve en 1983 á rememoración da vida coruñesa a través do artista admirado. Iso non impide que, como madrileño de adopción, teña a fortuna de participar durante os mandatos de Enrique Tierno Galván e Juan Barranco, na onda de madrileñismo cultural dos anos 80 que acompaña a estrea dunha comunidade autónoma impostada en cuxo himno oficial o profesor Agustín García Calvo exclama: «¡Viva mi dueño, / que solo por ser algo /soy madrileño!». Desta xeira son *Aquellas tertulia de Madrid*, de 1984; o longo capítulo para o libro *Café Gijón 100 años de historia* (1988), unha biografía dedicada ao Ramón Gómez de la Serna, do mesmo ano; e a novela curta *Retablo de la glorieta*, de 1996.



Homenaxe a Wenceslao Fernández Flórez no seu centenario. Centro Galego de Madrid, 20 de febreiro de 1985: Raúl Grien, Lorenzo López Sancho, José Cimadevila, Dionisio Gamallo Fierros, César Antonio Molina e Mariano Tudela.

É o tempo de editar libros de contos recuperados, como *Fiebre negra y otras historia* (1994) e *El coleccionista de primaveras* (2000), e de formar parte da *tertulia*, conducida por Pepe Esteban e Meliano Peraile co nome unamuniano de «Contra esto y aquello»: a derradeira no Gijón, antes de retirarse ás do seu barrio, na cafetería Amaya e no hotel Miguel Ángel, onde se hospeda Cela cando vai a Madrid.

Madrigalego, continúa a ser membro orgulloso do Club de Periodistas Galegos e na Casa de Galicia reúnese con Sabino Torres, Borobó, Antonio D. Olano e a xeración nova coa que participa en publicacións, centros de ensino, conferencias e exposicións: Inés Canosa, Vicente Araguas, César Antonio Molina, Juan Antonio Perozo, Ramón Pernas, Carlos Reigosa... É o tempo de estar cun amigo de vello, Camilo José Cela, na etapa de problemas persoais, novo amor e Premio Nobel ansiado desde a infancia. Mariano Tudela é requirido por el para dirixir a Fundación que está a organizar en Padrón con axuda do Delegado do Goberno en Galicia, Domingo García-Sabell. Tras unha longa espera para decidirse, renuncia para non deixar unha vida en Madrid sen luxos pero moi cómoda. Iso si: forma parte do círculo celiano ao que o autor, aclamado e enriquecido, desvía traballos e compromisos que non pode adiar. Así, por exemplo, Tudela elabora o guión filmico, con José Esteban e José Briz, de *Del Miño al Bidasoa*. E colabora, como fan outros compañeiros como Francisco Umbral, en tarefas de documentación hemerográfica ou actualización de enciclopedias atractivas para o consumo lector, como a *Enciclopedia do Erotismo*. Ese papel vai traerlle consecuencias nada agradables. Nunha das revistas amarelas da época, *Tribuna*, aparece unha reportaxe que crea nos círculos literarios, primeiro barceloneses e logo madrileños, a lenda de *Tudela, negro de Cela*. En efecto, apóñenlle a autoría da novela de escenarios coruñeses, *La cruz de San Andrés*, co que o Nobel se presenta ao Premio Planeta fóra de prazo e por encargo do propio Lara para facerse co galardón en 1994.

O caso puxo o dedo na chaga da pouca ética na tramitación do premio. Unha autora coruñesa, Carmen Formoso, ben coñecida da parella de Cela, Marina Castaño, presentaba ao mesmo premio un texto de difícil clasificación no que amosaba aspectos da vida da súa familia. Cela non só fai parodia metaliteraria na novela, aludindo ao encargo e imposibilidade de presentación en prazo dun manuscrito a un premio, senón que se mofa de anécdotas desgraciadas da familia de Formoso, por outra banda ben coñecidas na Coruña de *toda a vida*. Hoxe só Marina Castaño está no segredo do que realmente pasou con *La cruz de San Andrés*. O certo é que ante o ruxe-ruxe, Cela dille a Mariano que é mellor non contestar ningún deles ás preguntas dos periodistas, que a cousa terminaría pasando. Tudela tomou con retranca e bonhomía o caso, tal como manifestou no artigo do *Faro de Vigo* de 1994, «Yo, negro». Nun dos manuscritos que no seu

arquivo quedaron cando xa estaba vencido pola enfermidade, aparece só un título, encabezando a páxina en branco: «Yo no escribí *La cruz de San Andrés*».

Tudela non deixou de estar nunca conectado con Galicia, escribindo para *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego* e *Faro de Vigo*, entre outras publicacións, como *La Coruña. Paraíso del Turismo*, que puxera en marcha Regino Barbeito e continuou seu fillo, o fotógrafo Regino Barbeito Rocha. De novo, era o encargado de reunir o groso de artigos dos galegos e galegas de Madrid. Cando na Coruña xa apenas se acordaba del máis que a Peña Taurina, que o chamaba para conferenciar xunto co amigo Luis Miguel Dominguín e acudir con Antonio Olano e o doutor Barros á Feira de Agosto, as circunstancias da vida fan que pase os seis últimos veráns na cidade cando quede viúvo. Foi para el un sopro de vida e de amizade, con novas xuntanzas no *Remanso* con Julio Ponte, Raúl Grien, Ángel Padín, Paco Tudela, Regino Barbeito, Carmiña Folla, Carmen Debén, Luz Pozo Garza, Pedro Vasco e César Antonio Molina. No *Manhattan*, con José Luis Barros Malvar e Manuel Sánchez Salorio, Carmen Kruckenberg e Alfonso Abelenda. No *Mamá Manuela* con Luis Miguel Dominguín, Carmen Debén, etc.

Coda

Mariano Tudela, elegante último bohemio dun mundo que parece quedar tan lonxe de nós, no que a lectura e a escritura alimentaban tanto como o encontro persoal e a conversa, tarefas nas que, repetía sempre, «o tempo nunca se perde», puido gozar ata o final dunha vida de literatura que se apagaría o 12 de outubro de 2001.

Escritor da xeración *Atlántida* coruñesa e da xeración do Medio Século en Madrid, queda hoxe varado na fronteira sen memoria de dous mundos literarios, acompañado doutros moitos nomes que tratei de traer aquí con ritmo de esconxuro.

Hoxe o mundo é outro, non sabemos se máis escuro, pero se queremos buscar a luz nos que nos precederon, aquí temos unha que merece a pena reavivar.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Atlántida (1997). Edición facsímil, A Coruña, Fundación Caixa Galicia.

Caparrós, Luis (1948). «Cinco minutos de charla. Mariano Jesús Tudela», *La Voz de Galicia*, 22-10-1948, 2.

Caparrós, Luis (1951). «Cinco minutos de charla. Alfredo Sánchez Bella», *La Voz de Galicia*, 8-6-1951, 6.

Casas, A. (1994). *Rafael Dieste e a súa obra en galego*. Vigo, Galaxia.

Fernández-España, María Victoria (1948). «*La linterna mágica*», *La Voz de Galicia*, 23-10-1948, 6.

La Voz de Galicia (1963). «Interesantísima conferencia de Varela Jácome en Información y Turismo. Disertó acerca de *La novela española de hoy*», *La Voz de Galicia*, 16-3-1963, 8.

Manuel María (circa 1957). «Tarjeta de visita. Mariano Tudela», manuscrito de tres cuartillas para *Vida Gallega*, Archivo Mariano Tudela.

Panero, Leopoldo (1959). «Vidas a la intemperie. Mariano Tudela», *El techo de lona, ABC*, 11-7-1959, 88.

Rodríguez González, Olivia (2019). «Faladoiros e socialización cultural na Coruña de posguerra (1946-1966)». En Ricardo Gurriarán (ed.), *A cultura e o asociacionismo cívico na Coruña (Entre a oficialidade e a resistencia)*. Santiago de Compostela. Fundación 10 de Marzo, 107-125.

Sanz Villanueva, Santos (1984). *El siglo XX: Literatura actual*. Barcelona. Ariel.

Soldevila Durante, Ignacio (1980). *La novela española desde 1936*. Madrid, Alhambra.

Soldevila Durante, Ignacio (2001). *Historia de la novela española (1936-2000)*. Madrid, Cátedra.

Tudela, Mariano (1983). *Álvaro Cebreiro: vida y afanes de un creador*. Sada (A Coruña), O Castro.

Tudela, Mariano (1984). *Aquellas tertulias de Madrid*. Caricaturas de Álvaro Cebreiro. Madrid, El Avapiés.

BIBLIOGRAFÍA DE MARIANO TUDELA

1948. *La linterna mágica*. Madrid, Sáez.
1951. *El torerillo de invierno*. Barcelona, Luis de Caralt (reed. Barcelona, G.P., 1975).
1952. *El hombre de las tres escopetas*. Santander, Hordino.
1956. *Más que maduro*. Barcelona, Luis de Caralt.
1957. *La Bella Otero*. Barcelona, A.H.R.
1958. *Luis Candelas*. Barcelona, A.H.R. (reed. 1973, Madrid, Organización Sala; reed. 1984, Madrid, Hathor).
1958. «René Luard»: *Alfonso XIII (el rey caballero)*. Barcelona, A.H.R., (Colección «Historia y Amor»).
1958. «René Luard»: *Isabel II de España (la reina generosa)*. Barcelona, A.H.R.
1958. *La Caramba*, Barcelona, G.P. (reed. Barcelona, Plaza y Janés, 1959).
1959. *El techo de lona*. Barcelona, Pareja y Borrás (reed. Barcelona, G.P., 1971 e 1975).
1959. *Azorín*. E.P.E.S.A.
1960. *Biografía de la prostitución*. Barcelona, Rafael Borrás (reed. Barcelona, Ferma).
1962. *Historia del gangsterismo*. Barcelona, Ferma.
1962. *Vida del joven Andersen*, Madrid, Doncel.

1963. *Nueva tierra de promisión*. Madrid, Bullón (reed. Barcelona, G.P., 1970)
1969. *Azorín*. Madrid, E.P.E.S.A.
1970. *Cela*. Madrid, E.P.E.S.A.
- 1970-1972. *La Galería siniestra*. (Serie de 32 biografías con distintos pseudónimos, de personajes que han pasado a la crónica negra universal). Madrid, Rollán.
1971. *Pancho Villa, vida, leyenda y aventura*. Barcelona, Plaza y Janés.
1972. *Valle Inclán, vida y milagros*. Barcelona, Vassallo de Mumbert (reed. Barcelona, Vassallo de Mumbert, 1972; reed. Madrid, Urbión, 1984; reed. Fundación Valle-Inclán, ed. non venal. Prólogo de Darío Villanueva, 2006).
1972. *El conde Fernán González*. Madrid, Doncel.
1972. *Curzio Malaparte*. Madrid, E.P.E.S.A.
1972. *Últimas noches del corazón*. Madrid, Sala Editorial (reed. Barcelona, G.P., 1977).
1976. *Vivir en La Coruña*. Madrid, Organización Sala (*Vivir na Coruña*, trad. Olivia Tudela, Deputación da Coruña, 1999).
1977. *La madrugada de las mercenarias*. Barcelona, Argos. (reed. Barcelona, G.P., 1982)
1977. *Los cómplices del sol*. Madrid, Sedmay.
1978. *El aliento del diablo*. Madrid, Sedmay.
1979. *Los españoles con el culo al aire*. Madrid, Albia.
1983. *Álvaro Cebreiro: vida y afanes de un creador*. Sada (A Coruña), O Castro.
1985. *Pío Baroja o la vida de un novelista*. Madrid, Urbión.
1985. *Mariana Pineda*. Madrid, Urbión.
1985. *Zumalacárregui*. Madrid, Sílex.

1984. *Aquellas tertulias de Madrid*. Caricaturas de Álvaro Cebreiro. Madrid, El Avapiés.

1988. *Amarga canción del recuerdo*. Barcelona, Anthropos.

1988. *Ramón Gómez de la Serna, vida y obra*. Madrid, Hathor.

1991. *Camilo José Cela*. Madrid, Grupo Libro.

1994. *Fiebre negra y otras historias*. Madrid, Bitácora.

1996. *Retablo de la glorieta*. Mieres, Firma.

1996. *La guerrilla de Marito Parra*. Premio «Ramón Gómez de la Serna», Ayuntamiento de Madrid, inédita.

2000. *El coleccionista de primaveras*. Madrid, Diputación de Cuenca.

Contestación a cargo do Membro de Número do Instituto
«José Cornide» de Estudos Coruñeses

Sr. D. FELIPE SENÉN LÓPEZ GÓMEZ

Benvinda ao Instituto «José Cornide» a unha historiadora da literatura dos anos da represión

É moi de agradecer dar contestación a este discurso, tan acaído neste lugar e tempo, para o ingreso nunha Institución como o *Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses*, colectivo nacido no 1964 unindo a diferentes intelectuais e responsables de institucións arredor dunha causa que é a orixe, a memoria que é historia, como firmes alicerces do progreso da cidade. Pois velaquí a resposta a unha vella débeda con esa xeración silenciada da posguerra coruñesa, quizais máis coñecida como «a do Medio Século» ou a de *Atlántida*, en honra da revista dese mesmo nome, que se publicou na Imprenta Roel da Coruña entre 1954 e 1956, editada pola Delegación Provincial del Ministerio de Educación, con todo o que isto significaba de control político por parte da Ditadura, sendo o seu responsable o catedrático e director de Instituto, Enrique Míguez Tapia, tamén un dos fundadores deste Instituto Cornide que nos trae aquí, persoeiro ben relacionado co Réxime. Páxinas que unían a mozos de inqedanzas creadoras, nenos da guerra aos que se ocultaban os crueis fusilamentos do Campo da Rata, as fuxidas frustradas dende o Portiño ou que os libros arden mal...

Mesmo tamén agradecido por quen acaba de pronunciar esta lección de memoria. A profesora Olivia Rodríguez-Tudela caracterízase pola súa meritoria habilidade para a asertividade, o saber dicir para conciliar, para o encontro entre creadores. E faino a través das publicacións, das súas pescudas, da docencia, falando do que sabe, mesmo tamén por telo vivido en boa parte, enxergado e estudado. Especialista, pois, en tempos e persoeiros controvertidos, envoltos en circunstancias difíciles como foron as do paso dunha república, un tempo que cultivou a liberdade, a unha ditadura desalmada... E estou cavilando nun Vicente Risco, esencia rebuldeira do modernismo galego, curioso, furando na esencia das cousas, teimudo co *espírito*, creador de Irmandades, seminarios e mesmo confrarías, cultivador do humanismo a partir desa base que é o ser humano, dos «bos e xenerosos», o intelectual que lle puxo aura a aquel seu Ourense e a unha Xeración Nós que enaltecía a cultura galega fronte a esa tendencia do colonizado cara ao esperpento. E nunha cidade, A Coruña, onde persoeiros con certa aura, como Urbano Lugrís González (1908-1973), Camilo José Cela (1916-2002), Miguel González Garcés (1916-1989) ou Carlos Martínez-Barbeito (1913-1997), significaron moito; e mesmo direi dalgúns outros, dos que traballaron en silencio coa estilográfica ou teclando, creando fisicamente e desenvolvendo —en ambientes pouco propicios— a misión da Academia herdada de Murguía e dos seus leais seguidores. Máis denantes cómpre abondar.

Arredor de Olivia Rodríguez-Tudela, especialista en tempos e persoeiros controvertidos

Indagamos a vida desta Olivia e do tema que nos trae aquí, sempre lendo e rodeada de libros, nena que queda durmida entre o teclear da máquina de escribir do pai e parladoiros interminables sobre o divino e o humano. Familia coruñesa formada pola tradutora Ascensión (Chon) González Deus e Mariano Rodríguez Tudela que, buscando futuro profesional, vanse e aséntanse en Madrid a finais de 1956. Teñen catro fillos: Mariano (1957), Olivia (1959), Lucía (1964) e Luis (1966). Unha vida moi pegada á literatura e á arte: dos fillos, Mariano é catedrático de Filosofía na Universidade Complutense; Olivia, profesora titular na Universidade da Coruña; Lucía, funcionaria da Comunidade de Madrid (ao tempo que voraz lectora) e Luis, que traballa nunha empresa de subministración eléctrica, amais de tocar e publicar textos sobre a harmónica cromática, a última das súas múltiples paixóns. Olivia, a que nos trae aquí, nace o 13 de xuño de 1959 na Coruña, como dous anos antes o fai o seu irmán maior. Familia, pois, que vai á Coruña a ter os seus fillos (Hospital Modelo) aínda que os dous menores naceron en inverno e será en Madrid. O matrimonio pasaba desde xuño ata outubro longos veráns na súa cidade de orixe. No seu estudo *Una vida de literatura*, Olivia esténdese nas orixes familiares, sendo a nai unha figura fundamental na vida e na profesión de Mariano e moi influínte para os fillos pola súa intelixencia, vitalidade e forza de ánimo. A súa perda en decembro de 1995, a causa dun cancro, foi un golpe duro e duradeiro na familia. Os fillos viven á beira do seu pai, especialmente Lucía, coa que seguiu convivindo ata a súa morte en 2001.

Olivia lembra os intensos veráns na Coruña, na casa da avoa materna, Olivia Deus Sánchez na rúa Sánchez Bregua; con visitas a María, a ama de leite do seu pai, única supervivente da casa familiar no Cantón Pequeno, enriba da Farmacia El Águila. Lembranzas infantís dos xogos e paseos polo Retiro madrileño, no colexio e na veciñanza do barrio (Menéndez Pelayo) co seu pai traballando na casa, no seu estudo (o cuarto máis grande e máis importante) e recibindo amizades entre as que ela lembra en especial ao pintor arxentino Rafael Usandivaras, hoxe esquecido pero tamén participante nas actividades coruñesas da xeración *Atlántida*, ou atendendo a familiares, as conversas co seu tío político, o pintor José María Labra.

Olivia tiña trece anos cando a familia se muda á rúa Viriato 63, en Chamberí, un barrio onde se mesturaba xente moi acomodada con clases populares castizas. As festas do Carmen na rúa Medinaceli, na praza de Chamberí e, nos anos da alcaldía

de Tierno Galván, nos xardíns de Bravo Murillo, foron auténticos acontecementos para a xa moza.

A familia acompañaba ao pai no seu traballo na radio, na televisión, mesmo como cronista taurino, desde 1966 ata 1977: a Benidorm, a Málaga —especialmente a La Carihuela, un lugar moi querido pola familia—... e sempre no horizonte, A Coruña.

As mulleres foron moi importantes na vida familiar dos Rodríguez González: naquela década dos sesenta, a nai, despois da saída do colexio sempre levaba aos fillos á «Cabaña» do Retiro, un bar cun enorme espazo de terraza circular e alí falaban e calcetaban entre a algarabía de nenos. Entre elas: Charo González-Ruano, filla da primeira muller do periodista de tanta sona; Marisa Calvo, casada co poeta Rafael Montesinos; Carola Torres, muller de José María Moreno Galván, ao que a policía ía buscar, de cando en cando, mentres de ventá a ventá, no patio de luces (antecedente do *WhatsApp*) era consolada polas amigas veciñas. Parladoiros aqueles que non só eran sobre a vida doméstica, sempre gris, rutineira e difícil, senón que alcanzaban a vida mesma, como tamén as tarefas profesionais dos escritores, singularidades que, sen elas, poderían rematar no pozo escuro da bohemia. O caso de Chon González Deus (1931-1995), a nai, foi así: filla dunha potente familia da burguesía industrial coruñesa (os González-Chas), perde a seu pai con 17 anos, cando ela está acabando o exame de Estado en Compostela. Renuncia a estudar na USC e matricúlase na Escola de Comercio da Coruña, un foco de tan fonda incidencia comercial como cultural pola calidade do seu profesorado. Sae con coñecemento de idiomas (ata o alemán, que, de xeito significativo, na posguerra era materia obrigada xunto co italiano), o que lle permite converterse en tradutora —non só literaria— desde o momento no que a Mariano Tudela lle encarga o editor Luis de Caralt unha tradución do francés. Muller con capacidade excepcional, xa apreciada e influínte nos fillos, aos que, en época escolar, axudaba a resolver dificultosas traducións do francés ou do latín. Mariano Tudela dá a revisión literaria e esas traducións saen asinadas só por «Mariano Tudela». Co tempo e a profesionalización desa actividade, o nome de Ascensión González Deus aparece xunto ao de Tudela. Pasados os anos e coa chegada da democracia obtén o carné de tradutora.

Olivia garda lembranzas do Instituto Lope de Vega de Madrid, onde estivo entre os 14 e os 17 anos. Etapa fundamental, pois alí aprende de magníficos profesores e profesoras, adquirindo unha sólida base para ampliar coñecementos na Universidade Complutense, onde terá tamén algúns bos profesores, en contraste co restroballo colocado polo franquismo para substituír aos paseados

ou exiliados. Importante experiencia que ao cabo do tempo axuda a establecer contrastes.

Unha nena educada entre o teclear da máquina de escribir, unida á cultura como liberación

Cómpre dicilo tamén, entre os 12 e os 18 anos forma parte como actriz do grupo experimental de teatro xuvenil GETVA, do Colexio de dominicos *Virxe de Atocha*, no que seu irmán Mariano é primeiro actor. Farándula que recibe premios, mesmo interpretando unha obra de autoría colectiva, *¿Conoce usted a Machiche?*, xa a finais dos setenta, cando os membros son universitarios. Non menos importante foi o tempo de teatro no instituto, con funcións como *La casa de Bernarda Alba* de García Lorca en 1976. E en 1979, aproveitando un paro de catro meses contra a nova lei universitaria, montando un grupo de monicreques que, co nome «Pahar Cu Vin» (vaso de viño en romanés), representa obras de Eduardo Blanco Amor, Cervantes e García Lorca no Paraninfo da Facultade e noutros colexios maiores de Madrid; mesmo en Pulpí, Almería, convidados polo compañeiro José Guirao, entón mozo concelleiro de cultura; e moitos anos despois, Ministro de Cultura.

Olivia vive moi de preto e participa en actividades culturais galegas ou relacionadas con ese mundo, algunhas delas con compañeiros da clase de literatura portuguesa ou literatura galega (materias que se cursaban entón en Filoloxía Hispánica), como o concerto de Zeca Afonso no Paraninfo da UCM, a música galega (Bibiano, Benedicto, etc.) nas Festas do PC ou os concertos de Amancio Prada dende 1975. Mesmo no 1976 asiste á interpretación de María Casares no *Adefesio* de Rafael Alberti... Colabora coa *Irmandade Galega*, no 1979, vendendo libros galegos na homenaxe no Palacio de Deportes a Celso Emilio Ferreiro, que falecía ese ano e ao que coñeceu, acompañando ao seu pai, no Ateneo e na *Tertulia Hispanoamericana* cando o poeta volveu de Caracas.

Licenciada en Filoloxía Española, sección Literatura, no 1981, realiza a súa tese elixindo como director ao ourensán José Luis Varela, dende moi novo discípulo de Vicente Risco e de ideoloxía conservadora, que a pon en contacto con persoas e a familia do filósofo en Ourense. Tamén é orientada por Mariano Tudela, Manuel Cerezales, Dionisio Gamallo Fierros (que fora o seu profesor no instituto), que forneceron información sobre un Vicente Risco entón esquecido. As tornas viraron cando no 1981 a Academia Galega lle dedicara o Día das Letras, facilitando reedicións e estudos. Olivia xa participa publicando un artigo sobre a súa narrativa no diario *Ya*.

No 1982 oposita e obtén a praza de profesora agregada de instituto de Lingua e Literatura castelá. Foi este o comezo dunha profesión docente na que a nova numeraria do Instituto Cornide leva 42 anos, pasando por sete institutos de Madrid, Cuenca e Coruña, cousa que foi retrasando a elaboración da tese, rematada no 1992 e lida no 1993, cando o profesor José Luis Varela volveu dunha longa estadia en Texas.

A partir de alí, en contacto con Galaxia, coñece a Carlos Casares, que publica, con prólogo seu, o libro de Olivia Rodríguez *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco* (Premio Crítica de Galicia 2002 na modalidade de Ensaio), que ten como base o tomo I da súa tese: a introdución á obra e ao pensamento de Risco na súa traxectoria vital e histórica.

No 1985 Olivia casa en Madrid con José Luis Blanco Deogracias (1955-2007), profesor de Filosofía co que ten un fillo, Fidel Blanco Rodríguez (1989), hoxe profesor de Filosofía tamén, con praza no Instituto Manuel Murguía de Arteixo. Olivia trasládase á Coruña como profesora de Instituto no 1994: no agora chamado «Urbano Lugrís» (o nome resultado da proposta feita por Olivia xunto con Gonzalo Vázquez Pozo, profesor de inglés no centro).

Divorciada no 1994, casa no 2003 con Gonzalo Vázquez Pozo, o que, como Olivia conta, lle regalou a intimidade da súa nai, Luz Pozo Garza, que a «adoptou» porque era orfa de nai desde 1995. Divórciase de Gonzalo en 2011, pero non de Luz Pozo Garza, «coa que mantiven ata o final —tamén coas fillas— unha das relacións humanas máis importantes da miña vida» di a nosa autora. Olivia Tudela vive en San Pedro de Nós, entre un frecuente ir e vir a Madrid, para ver aos irmáns, amigos e amigas, bebendo nas fontes da memoria.

Resumo do currículo de Olivia Rodríguez González

(Sinaturas utilizadas pola autora: Olivia Rodríguez González, Olivia Rodríguez, Olivia Rodríguez-Tudela, Olivia Tudela, O. Luard)

Tras 16 cursos de Ensino Medio en Institutos públicos, desde 2003, Olivia Rodríguez-Tudela é profesora Titular na área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada do Departamento de Letras da Facultade de Filoloxía da UDC, na que exercera desde 1998 como profesora Asociada a tempo completo. Obtivera en 1993 o doutoramento en Filoloxía Española pola Universidade Complutense de Madrid, coa tese editada en rede por esta Universidade en 2001, *La obra narrativa de Vicente Risco*. É secretaria actualmente da Comisión Académica do Programa

de Doutoramento en Estudos Literarios e membro da Comisión de Cultura e Extensión Universitaria da Facultade de Filoloxía.

Despois de coordinar, entre 2013 e 2020, a Unidade de Investigación «Literatura Comparada, Edición de Textos e Tradución», na actualidade figura como investigadora individual no catálogo científico da UDC. Como tal, participou desde 1998 en 11 proxectos de investigación con financiamento galego, español e europeo, sendo o último en activo o dirixido por Manuela Palacios e María Alonso na Universidade de Santiago de Compostela, *Interseccións post-humanas nas literaturas irlandesa e galega*.

Co-fundadora e membro da comisión directiva da *Asociación Galega da Crítica* entre 2006 e 2012. Membro da xunta directiva da *Asociación Internacional de Estudos Galegos* (2003-2009).

Membro da directiva da *Asociación Española de Críticos Literarios* (desde 2009, como vogal representante da Crítica Galega e desde 2021, como tesoureira).

Membro correspondente da *Real Academia Galega* desde 2012, onde traballa como integrante da Comisión de Literatura.

Secretaria de *La Tribuna. Cuadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*.

As liñas de investigación que se reflicten nos seus numerosos traballos publicados son: literatura comparada, teoría narrativa, crítica textual, retórica e estudos socioliterarios.

Comisariado de exposicións

2015, Con Ana Acuña e Víctor Freixanes, *Pontevedra. Laranxeiras e limoeiros*. Pontevedra, abril. Catálogo publicado en Galaxia.

2022, *Constelación Luz. Luz Pozo Garza, 1922-2022. Poesía, arte e vida*, Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura, Santiago de Compostela, xuño-outubro. Catálogo editado en colaboración con Carmen Blanco.

Esconxurar o tempo gris da ditadura, o de Mariano Tudela e daquela súa Coruña

Moito máis poderíamos seguir a dicir de Olivia Rodríguez-Tudela: filla dun tempo e dun fondo sentir que trenza a Coruña con Madrid. ADN no que se enreda a masonería, o comercio, a arte da fotografía e até a historia dun fareiro de Cabo Vilán, o que non é pouca cousa, poéticas que necesariamente nos remiten a Neruda, a un océano de cultura.

Pouco se pode engadir ao que acabamos de escoitar ou ler, senón bendicilo. Texto no que se sintetizan traballos recollidos no volume *A Cultura e o asociacionismo cívico na Coruña. Entre a oficialidade e a resistencia* (1939-1979) (2019), onde Olivia Rodríguez, Ricardo Gurriarán, Xosé Dobarro, a mesma Ana Romero Masiá, directora deste Instituto de Estudos Coruñeses, entre moitos outros, analizan as circunstancias da Coruña naqueles anos grises, vixiados e de medos da posguerra e da *Longa noite de Pedra*. Páxinas ás que compre sumar *Mariano Tudela: Una vida de literatura. Obra periodística recuperada (1948-2000)* (2012), edición da mesma Olivia Rodríguez-Tudela.

Discurso que escoitamos, que non só trata de desconxurar un tempo en branco e negro, senón mesmo de exorcizalo coa luz que debe enfocar a cultura. A cultura como resposta fronte á ignorancia e o supermecadeo que parece vencer e tanto prima no noso tempo, fronte ao «espírito» no que teimaban os decadentistas. Fúrase aquí nun tempo de posguerra, na década dos corenta e dos cincuenta na Coruña. Doas negras desa etapa ensarillada na máis longa historia de liberdade dunha cidade que sempre tivo como guía os estralampos do milenario Faro de Hércules, as singularidades dun núcleo portuario, de mariñeiros e aventureiros no medievo, atento ao humanismo do Renacemento e a canto supuxo a Ilustración, a república, a cidade das *Irmandades da Fala*, das imprentas, da revista, *Germinal*, de *Alfar...* a que resiste, abrindo horizontes coa palabra... a do pouso creativo, a soleira de presentes que nos traen aquí, e de futuros.

Murguía: queriendo levantar un pueblo, preciso era que se conociese bien y pronto...

E sendo nós ponte que vén daquelas xeracións cara ao futuro, convén contalo e analízalo. Pois aínda non todo está dito ou escrito nesa obxectiva construción da Historia, e menos nestes confíns que por algo os romanos coñecían como a outra beira do río do esquecemento, o Leteo; onde con retrouso, cantamos o «non des a esquecemento da inxuria o rudo encono...». Entre esas, medraban as teimas de Manuel Murguía, construíndo a *Historia de Galicia*, quen nos anos do historicismo romántico tanto mobilizou respecto á construción nacional de Galiza. O que, entre as *negras sombras* que o caracterizaban, escribía o que recollemos abaixo,

sacado do prólogo do seu libro e primeiro saído do prelo da Biblioteca Gallega, obra decisiva na cultura galega, *Los Precursores* (1885). Publicación con maxis-tral e moi acaído texto de «Noticia para la cuarta edición (1975)» da autoría de Xoán Naya, herdeiro que foi do legado Murguía Castro. Obra de Murguía escrita entre a dor da enfermidade mortal da súa esposa, Rosalía. Obra da que pensaba editar un segundo tomo e no que se recollerían, ademais, breves descrições bio-gráficas de Lamas Carvajal ou da mesma Pardo Bazán... Prólogo de Murguía do que recollemos unha parte, moi para enxergar:

... queriendo levantar un pueblo, preciso era que se conociese bien y pronto... más la obra de regeneración no era fácil, ni estaba encomendada tan solo a los que la habían iniciado. Pronto surgieron las encontradas opinio-nes, se aflojaron los azos que unían a los más entusiastas, y la discordia separó para siempre a los que se habían hecho hermanos en el común deseo de la rehabilitación del país natal. Otros vientos soplaron para todos y nos dispersaron y, de aquel gran movimiento no restan al presente mas que los recuerdos de los que anduvimos mezclados en el y las sombras que lo envuelven.

En ellas quedaría todo para siempre, dejando al porvenir que, si lo com-prendía, lo revelase, si una circunstancia especialísima no viniera a im-ponerme, por el hecho de la supervivencia, la obligación de levantar la punta del velo que cubre tantas esperanzas perdidas, tantos sueños sin realización posible....olvidados estaban los muertos y los vivos, y el si-lencio que los envolvía, no por penoso, era de los que justificaban las mediorevelaciones. De pronto surgió la queja, tomó fuerza el desden, y se vio con harta claridad que los nuevos, creyéndose los únicos ungidos, desconocían y negaban la obra de los que les habían procedido, allanán-doles el camino y dado un pueblo de antemano ganado a las aspiraciones que abrigan...

No que rematamos de escoitar aquí ponse foco e aura en dúas xeracións, aínda moi patriarcais, pese aos esforzos de Juana de Vega, de Concepción Arenal, da Pardo Bazán, a dos nosos avós, a dos nosos pais, que foi a dos *renovadores*, os que formados nos ventos de tolerancia e liberdade da república, nenos ou mozos na guerra, logo despois tiveron que lidar en «Longa noite de pedra» co fragor da Ditadura e do nacionalcatolicismo, entre o couto da Acción Católica e a Falanxe. Vivindo o que acontecía tamén nunha Europa en guerra, entre cas-callos, tratando de cicatrizar as feridas, cultivando o mellor que pode dar o ser humano, a creatividade, a literatura, a arte, dando posibilidades esclarecedoras a un espectador, lector ou lectora intelixente, quen saberá entender o que se acocha entre liñas.

E despois... dos asasinados no Campo da Rata, de saber que *os libros arden mal*...

Pois era aquela unha Coruña aínda con arrecendo a chocolate, mesturado con fume de tabaco, e máis salitre no aire que incenso, a do renxer dos tranvías, das mañanciñas das leiteiras cos seus canados á cabeza... dos pregóns das castañeiras no outono, o de «Al rico parisién» no verán... Tamén a capital dos grandes bancos... anos de forte emigración, resposta política, fervedoiro de fuxidas do mundo rural ao urbano, novamente retomando camiños das Américas ou no tren cara a unha Europa en reconstrución. Tristeiro ambiente e algarabía arredor dun porto, entre patelas, fardos, maletas e emigrantes convocados ao son dos transatlánticos, grandes buques sempre cargados e contaxiados do misterio do océano. Os fotógrafos Manolo Ferrol ou Alberto Martí, entre outros, tomaban nota de tan triste acontecer. A vella Estación do Ferrocarril, namentres se construía a entón flamante de San Cristóbal, era tamén un punto de encontro nas despedidas arredor das locomotoras...

Quizais, para aquel final dos anos corenta, de fondo musical poríamos os *Tres tríos* do arquitecto compositor Eduardo Rodríguez-Losada, interpretados polo *Trío Pro Música*, formado pola ansia de profesores que están na orixe dos estudos superiores de música na Coruña. Trío formado por Pepín Bejar (chelo), Pilar Cruz Echegoyen (piano), que foi secretaria de Manuel de Falla, profesora recordada pola súa alumna Luz Pozo Garza. E o terceiro, Horacio Rodríguez Nache (violín). Grupo no que se inspira o escritor Manuel Rivas para o capítulo de «O cant dels ocells» desa novela sobre a contemporaneidade coruñesa que é *Os libros arden mal*. Documentos gráficos das horas da cidade para unha historia de exilio, de silencios que desembocan nas artes e dos que abrimos portas para esclarecelos, para esconxuralos tamén.

Como orientativo *flashback* cinematográfico, entre tantas cousas, xornais do Movemento e outros, poderíamos dicir que no panorama hispánico editábase *El Caso* (1952-1997) sobre sucesos, en contraste con *La Codorniz* (1941-1978) —«La revista más audaz para el lector más inteligente»—, que no ano 64, cando as celebracións argalladas polo ministro Fraga por mor dos «25 años de Paz» burlou a intelixencia da censura con aquela portada coa palabra *Paz* seguida na contraportada pola palabra *Ziencia*, a fin de levar a *paziencia*. Ou aquela outra co debuxo coa letra A, un puro e un ovo (*A puro huevo*)... Cando nas primeiras revistas en papel cuché asomaban os nomes de Hemingway, de Ava Gardner e de Dominguín... Diremos que no mundo escoitabamos os nomes de Kennedy, de Khrushchev, de Luther King, de Castro e do Che... E na música, os nomes de Elvis, de Joan Baez, de Dylan e, algo máis tarde, *The Beatles*...

A Coruña é a cidade do surrealista pintor e poeta, poeta e pintor atlántico Urbano Lugrís González, de Labra, de Lago Rivera, de Molezún, dos irmáns García Patiño, de González Pascual, de Abelenda..., entre os seus ires e vires ao Madrid do parladoiro do Café Gijón, onde Galicia e o círculo celiano tiñan o concorrido «sitio dos galegos», competitiva mesa que atraía ás demais, como deixará testemuñado por escrito Mariano Tudela. Alí estaba tamén Laxeiro, que ademais vivía na parte alta do edificio; moi frecuente era a visita do improvisador poeta, como un Dylan Thomas, Carlos Oroza, moitas veces acompañado de Uxío Novoneira, como un barbado apóstolo do Courel. Tampouco faltaba o pintor lucense das tebras, Tino Grandío, ou a tamén tan sensible pintora María Antonia Dans... Así nolo conta tamén un asiduo daqueles encontros de café, tabaco e palabra, Francisco Umbral en *La noche que llegué al Café Gijón* (1977). Esa Galicia cos seus creadores, que mesmo Cela levou como colaboradores á revista literaria con redacción en Madrid e Palma de Mallorca, *Papeles de Sons Armadáns* (1956-1979).

A Coruña, a cidade dos parladoiros de café, de taberna, de revistas... Lugrís, Cela, Garcés...

Cidade tanto de prestixiosas escolas como de tabernas, de bibliotecas, de cines, de cafeterías, cos seus parladoiros á hora do café, entre o xogo do dominó e do xadrez, como La Granja na Rúa Real, o Cantón Bar, o Español, o Oriental, o Galicia... as concorridas tabernas de O Salto do Can, O Crego, Casa Enrique... para discusión entre pipotes de viño, xerras e cuncas de louza... Das librería Zinke ou Lino Pérez na Rúa Real..., onde aquel grupo mozo no que estaba Mariano Tudela rescatou da cunca engaiolante do Mondoñedo clerical para a cidade aberta ao océano a Álvaro Cunqueiro, para pasar días, de conferencia en conferencia, engaiolando a todos, converxendo ademais na cidade do faro aquel trío anovador de fantasías célticas: Cunqueiro, José María Castroviejo e Urbano Lugrís, superándose cada un a recrear sobre historias, odiseas e mitos, de Breogán, San Barandán, Arturo ou o Grial... E aquel ambiente, a máis do Cela asentado en Madrid, contaba de cando en vez, co xa vello vínculo coa cidade que era Wenceslao Fernández Flórez, falecido no 1964.

Atento a este acontecer e vixiando dende o *alén mar* estaba o inqueda grupo cultural de galegos, con figuras como Luís Seoane, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado, Rafael Dieste... dando saída e axudando ás inquedanzas dunha Galiza coutada pola ditadura. Ao respecto, non esquezamos que a primeira edición de *La Colmena* de Camilo José Cela imprimíuse no 1951 en Bos Aires e na Editorial Emecé, nacida alí no 1939 por desexo dos galegos Mariano Medina e Álvaro de las Casas. Relevante historia aínda na que afondar.

Namentres, naquela cidade que retomaba o slogan de «La Coruña, ciudad en la que nadie es forastero», mudaba o urbanismo e erguíanse grandes edificios que ensombrecían Riazor e as campas das festas e das fogueiras populares ocuparíanse cos adornos xurdidos do debate da ilustración municipal. Horas de café, de parladoiro, de intercambio de crónicas literarias e cines —os numerosos cines da Coruña sen supervivencia—, e os bailes no Casino, no Leirón, no Circo de Artesáns...

Ambiente coruñés aquel, coutado pola vixilancia policial, pola represión, polo medo e a censura na literatura, na arte, actividades que eran un refuxio, unha saída á creación. Facendo da Coruña unha Dublín de bohemios, dandis inadaptados, «diferentes», como os que propagaba Risco. Sabendo que a cultura ponderaba e caracterizaba á cidade da Pardo Bazán, de Murguía, a cantada por Pondal e por Curros, a da *Cova Céltica*, a das Academias, a do Circo de Artesáns, a de impresas e revistas como *Alfar* e máis.... Para a supervivencia daqueles inconformistas como Ramón Vilar Ponte, Álvaro Cebreiro ou Urbano Lugrís, e onde o empeño do pintor e calígrafo Seijo Rubio convocaba bienais de pintura. Inquedanzas que axudaron a crear novos espazos de encontro, como foi a Asociación Cultural Iberoamericana, onde foi fundamental a figura do poeta e diplomático, cónsul da Axentina, Arturo Lagorio.

Nesta Coruña vivida, descrita e relatada por Mariano Tudela, vou centrarme con atención, pois as actividades madrileñas da dispersión xeracional xa quedaron ben expostas.

La Coruña. Paraíso del Turismo: do Castro de Elviña ao Ballet Gallego de Rey de Viana

Anos nos que aparece a coidadísima revista estival *La Coruña. Paraíso del Turismo*, creada en 1946 e dirixida por Regino Barbeito Curra (1909-1979), crítico de arte de varios xornais coruñeses, así como do xornal compostelán *La Noche* (1946-1967), que dirixían significativos escritores como José Goñi Aizpúrua, Raimundo García Domínguez (Borobó), José Vidal Iborra e Francisco Leal Ínsua. Páxinas que axudaron a espallar as inquedanzas intelectuais da Galiza daquel tempo. *La Coruña. Paraíso del Turismo* estaba subvencionada polo Concello da cidade ou pola Deputación, aparecendo puntualmente no mes de agosto co inicio das festas da Coruña. Revista de gran difusión polo mundo da emigración galega, plataforma non só para os escritores daquel momento, senón para artistas, fotógrafos, pintores, arqueólogos, políticos, e abrindo canles tamén aos máis novos. Sendo hoxe aquelas páxinas —escritas en castelán, concedendo unicamente o galego para o Presidente da Academia Galega e algún persoeiro máis— unha fonte importante

de documentación para un acontecer que se dicía coruñesista. No 1979, tras a morte do fundador e coordinador, a publicación sofre unha crise, sendo retomada polos seus fillos, Regino e José Antonio Barbeito Rocha.

Son tamén anos nos que o inqueda funcionario de Facenda, arqueólogo José María Luengo Martínez —astorgano asentado na Coruña, da familia Martínez Salazar— atopa a necrópole romana e escava na Rúa Real. E xunto con Luís Monteagudo inicia escavacións arqueolóxicas no Castro de Elviña, coa aparición dun «tesouro céltico» que anima a pensar e tramar a idea dun «Museo céltico de Galicia», que finalmente acabará na creación do Museo Arqueolóxico no Castelo de San Antón, aberto no 1968. Luengo viviu as trasnadas, moi comentadas naqueles círculos, de mozos artistas, encabezados polo pintor Pucho Ortiz, que pola noite enterraban entre os restos da rúa Real xerros falsificados que poñían de manifesto a inxenuidade e a credulidade do arqueólogo.

A Coruña daquela é a cidade do actor Fernando Rey, a amada e tan visitada de Carmen Martín Gaité, anos nos que as emisoras de radio contribuían a ese florecer literario. Xa no 1934 Francisco Hervada creou Radio Coruña, seguida de Radio Juventud, Radio Cadena e no 1963, Radio Nacional de España no edificio das Cigarreiras... escola de radiofonía. Pensamos na saga dos Mariñas, en Martín Ferrand, en voces femininas como Marinita de la Peña, Amanda Español, Mari Carmen Deus, Carmen Campos, Pilar Cañas... e tantos nomes. Mesmo nos anos de dirección de Manolo Lombao, a finais dos oitenta, montou nos rehabilitados espazos da Terraza e coa colección de artefactos radiofónicos, un singular Museo da Radio do que, como tantas outras coleccións —e pensamos no Museo Eléctrico de Fenosa— nada sabemos hoxe.

Cómpre dicilo, e entrevese no discurso de Olivia Rodríguez-Tudela: pese a todo —e convén matizar ese *pese a todo*, quizais a pé de páxina—, referímonos á axuda prestada a aquel acontecer coruñés por un pretencioso mozo de Vilalba, Manuel Fraga Iribarne. E aclaramos ese *pese a todo* pola ofuscada convivencia de Fraga coa ditadura franquista e coa súa crueldade, pasando por diferentes ministerios. Fraga insistiu na creación e edificación do Arquivo do Reino de Galicia e da Casa da Cultura, empeño de González Garcés. Axudou a Lugo, a Carlos Martínez-Barbeito e xa non digamos a Cunqueiro; publicou a derradeira obra de Risco e mesmo, co impulso de Xoán Naya e de Lobo Montero, presidente do Centro Galego de Madrid, axudou á supervivencia, nos seus derradeiros anos, de dona Gala, filla de Rosalía e Murguía. Ao tempo que o ministro franquista entremediaba ante as catro deputacións provinciais para soste a Academia Galega no novo edificio da casa de Pardo Bazán da coruñesa rúa de Tabernas, institución presidida entón por Sebastián Martínez Risco, tamén apremaba ás catro deputacións a que puxesen fondos para a vida da Academia.

A figura de Miguel González Garcés foi fundamental na difusión cultural da Coruña e das ansias de liberdade daqueles anos. Presidente durante máis de vinte anos da Asociación Cultural Iberoamericana, con actos nos que participaron os máis importantes persoeiros da época, á beira de xente nova que despuntaba, dedicándose á súa sobranceira querenza poética, de tanta atracción telúrica, ao tempo que recompoñía a historia da Coruña.

Naqueles anos grises, cabe destacar o colorido que Rey de Viana lle deu á Coruña e a Galicia co seu Ballet Gallego (1923-1995), coa necesaria colaboración da súa esposa, a tamén coreógrafa Victoria Canedo (1924-2016). Foi importante a súa presenza en diferentes países de Europa e de América, alentando á emigración galega. Mantemos a ilusión de que cos materiais que garda a Deputación Provincial da Coruña: decorados, traxes, carteis... se poida formar unha exposición e intégrala nun museo.

Rescatar a memoria de intelectuais e daqueles seus espazos de memoria e liberdade

A ese respecto de rescatar anacos de memoria que son historia, teremos que dicir que a partires do 1997, a Deputación da Coruña, nun programa de investimentos en patrimonio, continentes e contidos culturais —como marcas de país que son, referentes da cidade en relación co tempo que nos trae aquí— adquire, proxecta, rehabilita e revitaliza o emblemático Teatro Colón. Inaugurado no 1948, ocupa os baixos do edificio proxectado polo arquitecto Jacobo Rodríguez para o Hotel Embajador, propiedade da familia de Emilio Rey Romero. O edificio é parcialmente adquirido (agás o teatro) pola Deputación en 1984 para ser rehabilitado e reconvertido en sede da Deputación Provincial, inaugurada no 1987.

Dentro dese programa de adquisición de testemuños históricos da posguerra iniciado pola Deputación, está a Biblioteca da Xeración do 27 que formou o polígrafo Carlos Martínez-Barbeito y Morás (1913-1997) incluíndo libros dedicados e debuxados polo seu amigo Federico García Lorca, xunto cos estantes que seguen as trazas dos neoclásicos do Real Consulado do Mar, da que pasou e se montou no Pazo de Mariñán. Se ben a Biblioteca Gallega que herdara do seu avó, Martínez Salazar, xa fora adquirida, xunto con gravados, pola Fundación Barrié —igual que o Concello se fixera, para o Arquivo Municipal, coa colección de gravados referidos á Coruña—. Ao respecto deste polígrafo, fundamental na xeración de escritores que nos trae aquí, tivo a ben a Deputación publicar, nos derradeiros días do persoeiro, o seu testamento de amor á Cidade con fotografías aéreas de Carlos Picallo: *La Coruña a vista de gaviota y a ras de tierra* (1998), se ben a Deputación

xa tiña publicado a monumental obra *Torres pazos y linajes de la Provincia de la Coruña* (1978), da que se preparaba no 1999 unha actualización que quedou esquecida no prelo provincial.

Entre outros legados adquiridos pola Deputación, referidos a esta xeración do medio século, está o da familia de Xoán Naya Pérez, herdeiro xeral de Gala Murguía Castro, que inclúe inéditos de Rosalía, cartas de Murguía a seu fillo Ovidio, con obra significativa diste, como os lenzos *O Amor durmido*, *Nas orelas do Sar*, así como bocexos e apuntes, un rizo de Rosalía envolto en papel de seda co esquemático retrato de Rosalía debuxado por Ovidio; o retrato de Modesto Brocos de Rosalía cos ollos verdes; o famoso tresillo da familia... Legado que inicialmente se instalou na sala do alto da Torre do Pazo de Mariñán, como sitio emblemático e de parladoiros..., para, finalmente e no 2015, solicitarse e pasar como cesión boa parte destes bens á Casa-Museo da Matanza en Padrón.

Sumouse ademais ao patrimonio da Deputación a adquisición no «Bosque animado» de Cecebre da finca e casa Vila Florentina, que ao final da súa vida e seguindo os planos do arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez, Wenceslao Fernández Flórez construíu para gozar da fraga tan querida. Continente que, gobernado pola Fundación Wenceslao Fernández Flórez, acolle un importante legado do polígrafo coruñés.

Ademais, aquela Deputación, caracterizada por semellantes «rescates» ou investimentos, presidida entón por Augusto César Lendoiro (1995-1999), recuperou para as coleccións do organismo obras de Lugrís, de Isaac Díaz Pardo, de Abelenda, de Tenreiro Brochón..., cedendo algunhas pezas ao Museo de Belas Artes da Coruña, a fin de complementar a obra exposta.

Un fito salientable entón, dentro do mesmo programa da Deputación, foi o rescate, das paredes do edificio de Sindicatos na Praza de Vigo, dos murais de José María de Labra (1925-1994) (*Labregos/Mariñeiros*), unha actuación considerada en Galicia como obra pioneira de rescate dunha pintura mural sobre ladrillo, coa conseguinte restauración e recolocación final no comedor do Pazo de Mariñán...

Anos nos que, asumindo o estado da cuestión do patrimonio cultural, tamén estaba en programa e mesmo en trámites a recuperación «in situ» da decoración e os murais que Urbano Lugrís González (1908- 1973) fixo para aquel xeito de Capela Sixtina do tempo que nos trae aquí, que era o mesón do Fornos na rúa dos Olmos. Espazo con lembranza de taberna mariñeira, na que o pintor deixa escrita a lenda «hic habitat felicitas», un lugar onde cultivar a fantasía, os contos e os cantos ao xeito dos pubs da admirada Eirín.

A Deputación publicou tamén obras de singularidades do momento, como, entre outras, a obra poética completa de González Garcés, as crónicas de viaxes do xornalista Emilio Merino (1918-2004), *El mundo que conocí* (1999), ou o libro da última etapa de Mariano Tudela, *Vivir na Coruña* (1999).

E arredor disto estaba unha persoa metida nunha tarefa con fondas raíces no galeguismo e no humanismo —referímonos a Isaac Díaz Pardo, fillo do escenógrafo asasinado nos inicios da guerra, Camilo Díaz Baliño—, que deixou de lado as súas dotes para a pintura e a arte digna das mellores galerías, polo esforzo de vangarda mundial de crear as industrias da memoria baixo o acubillo teórico do Laboratorio de Formas de Galicia. Con el quixo incentivar a arte seriada para todos, cunha mensaxe ética e estética e procurando a converxencia de arte e industria, de tradición e modernidade. Así traballou no Castro, na cerámica de Sargadelos e nas Edicións do Castro, que axudou a publicar aspectos e gardar memoria destes anos do medo e do silencio. E co Instituto Galego da Información pretendeu, na era da comunicación e da imaxe, crear novos medios de comunicación galegos.

Xoán Naya e aquela súa misión de futuro: construír fisicamente a Academia Galega

E houbo persoas daquela xeración, aínda nada estudadas hoxe e moi importantes polo que aportaron á misión de Murguía e dos seus seguidores, como foi a construción física dunha institución tan significativa para a cultura como foi a Academia Galega. Con esa base de intencións esbozamos algúns aspectos biográficos de Xoán Naya Pérez (1914-1993), coruñés do Monte Alto, educado dende neno para o cometido de construír fisicamente a Academia Galega. Deste asunto temos falado moito co amigo historiador Xosé Ramón Barreiro Fernández (1936-2021), presidente de devandita Academia, quen ao cabo do tempo, fronte a outras crenzas atufadas, celebrou publicamente nun acto académico a memoria e o papel desempeñado por Xoán Naya.

Xoán Naya procedía de familia humilde, moi en contacto coa familia Murguía Castro e coa do seu leal seguidor na misión de dar continuidade e crear fisicamente a Academia, que foi don César Vaamonde Lores. Neno instruído por este cando estaba xa case cego, entre documentos e libros para que llos lese en voz alta. O mozo, en 1940, comeza a colaborar en *La Voz de Galicia*, xornal imprescindible neste acontecer. E Naya faino baixo o pseudónimo de «Martín de Sésamo», parroquia de onde procedía a súa familia, até a súa xubilación no 1976. Os artigos de Naya tiñan como finalidade recoller canto se refería á historia da Coruña, e velaí as seccións: *Efemérides*, *Granos de Arena*, *Una mirada hacia atrás*, *Peneirando...*

nas que se ocupaba de biografías coruñesas, nomes das rúas, as galerías ou os tipos populares..., sempre vinculado aos fondos da Academia Galega. Entre 1966 e 1978, Naya dirixe o *Boletín de Información Municipal*. Son anos do final da Ditadura e el segue atendendo, como vínculo e ponte de irmandade, encargos de intelectuais e creadores do exilio galego na Arxentina, Cuba, México... Busca axudas para a subsistencia cotiá de dona Gala, o último vínculo coa familia Murguía Castro, para que non lle faltase nada, levándoa cada 25 de xullo á Misa de Bonaval, ás reunións para adquirir a Casa da Matanza de Iria, así como acompañándoa cando doaba mobles e obxectos da familia para devolverlle o espírito a aquel derradeiro lar da poeta. Levou tamén a dona Gala a Porto, cando se erixiu o monumento a Rosalía e se inaugurou no 1954 a Praza de Galiza... Tanto é así, que se considerou a Naya como «o neto que Murguía e Rosalía non tiveron», herdeiro de documentos que lle permitiron escribir *Murguía y su obra poética* (1950), *Inéditos de Rosalía Castro* (1953), *Testimonios de una orientación artística: Cartas cruzadas entre Ovidio Murguía y su padre* (1968), *Dos visitas de Valle Inclán a Murguía* (1970), *Visita a la Coruña del sabio lusitano José Leite de Vasconcelos* (1959), e *El traje* (1964).

Dende 1925, Naya traballa formando o arquivo e a biblioteca da Academia Galega, para no 1942 ser nomeado Académico Correspondente e no 1946, Arquiveiro-Bibliotecario da mesma. No 1961, é nomeado Cronista Oficial do Concello da Coruña, o que lle permite publicar innumerables artigos así como elaborar relacións e biografías de arquitectos municipais, alcaldes, etc.

Académico correspondente da Academia de San Fernando, numerario e secretario perpetuo da Academia Galega de Belas Artes, membro do Instituto «José Cornide» de Estudos Coruñeses, participou na creación e formación do Museo Arqueolóxico da Coruña... Foi persoa fundamental como animador do coro Cántigas da Terra, da Reunión de Artesanos, da Coral Polifónica Follas Novas, da Asociación Cultural Iberoamericana,... Delegado recoñecido e premiado por varios centros galegos en América, conselleiro asesor do Padroado Rosalía de Castro, da Sociedade Martins Sarmento de Guimarães, do Centro Galego de Madrid... E finalmente, moi premiado polos seus artigos.

A Deputación da Coruña, na devandita ansia de recuperar memoria, de facerse con legados históricos que conservan as familias, consegue os de Naya, vinculados á familia Murguía Castro: inéditos de Rosalía, cartas de Murguía ao seu fillo, obras de Ovidio, mobiliario... Todo o que foi publicado no volume *Estudios acerca de la familia Murguía Castro* (1998), incluído o testamento de Gala Murguía Castro en favor de Naya, quen xa tiña entregado á Academia valiosa documentación da familia, logo estudada por Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xosé Luís Axeitos (*Cartas de Murguía I/II 1868-1885*, 2003).

Á vista está que Xoán Naya recolleu a misión dos Precursores, e dende a súa infancia púxose á fronte da creación física da Real Academia Galega, complementando libros e documentos nos espazos cedidos na segunda planta do Concello da Coruña, atendendo por relación epistolar e por escrito as inqedanzas dos académicos; preparando as reunións, adquirindo legados importantísimos... Tantos, que mesmo non lle deu tempo a examinalos, senón a empacetalos e gardalos para o futuro —a Academia empacutada—, xestionando xunto con Sebastián Martínez-Risco novos espazos, dialogando con dona Blanca Quiroga, Marquesa de Cavalcanti, para conseguir espazos no pazo urbano da familia Pardo Bazán na rúa de Panaderas, rehabilitado pola filantropía do arquitecto e, dende 1999, numerario da mesma, Andrés Fernández Albalat (1924-2019), para ser Academia e Museo da escritora Emilia Pardo Bazán.

Naya foi imprescindible nese diálogo e acordaba até co mesmo demo a fin de conseguir espazos e legados. Mesmo cando o incendio do 1978 no Pazo de Meirás, dende a Academia puxéronse en contacto coa familia Franco a fin de vixiar e rescatar todo o posible da Biblioteca da Pardo Bazán, como así foi.

Ao respecto do que vimos dicindo, e que atinxe a moitos persoeiros desta xeración, cómpre coñecer o escrito que don César Vaamonde, pouco antes da súa morte, dirixe ao respectado e influínte avogado e xornalista, Manuel Casás Fernández (1867-1960), exalcalde da Coruña, presidente da Academia Galega en 1937 en funcións, e de 1942 a 1960. Carta con data de 22 de febreiro de 1940:

Mi querido Presidente: le supongo a Vd. enterado del plan maquiavélico de sacar a Juanito de la Academia a todo trance.

Ya fracasaron varios intentos pero no tardará en presentarse ocasión propicia para lograr que la maniobra proyectada tenga eficacia.

Juanito no desea salir de donde está, y es imprescindible en la Academia pues en mis enfermedades o ausencias, es el único que puede suplirme al menos en la parte material, de oficina y de Biblioteca.

El tiro no va dirigido solo a Juanito, sino a punto más elevado.

Hay en la biblioteca unos 18.000 libros, y soy el bibliotecario hace 35 años. Cuando me encargué de ella solo me entregaron dos libros, dos solamente – El Cancionero de Ajuda de Doña Carolina Michaëlis, y Religiões de Lusitania de Leite de Vasconcelos. Al mes ya tenía 2.000 pues yo regale para ella parte de mi biblioteca, y mi hermano parte de la suya, y después, libro a libro, fui reuniendo todo lo que hay, sin sueldo

durante varios años, agenciando libros gratis, y trabajando todo el día como todo el mundo sabe, y me sería altamente doloroso que mi labor patriótica de tantos años desapareciese.

El cargo de Juanito en la Biblioteca, es de confianza y los libros que están bajo mi responsabilidad, no se le pueden fiar a otro.

Ya hablaremos de palabra de estas y otras cosas, y mientras tanto le ruego que interponga su influencia para que dejen en paz a Juanito, que al fin, es también en parte custodio de la primera Biblioteca regional de España instalada, para más, dentro de las propias Casas Consistoriales de La Coruña

Tengo varias reclamaciones de casas editoriales que importan muchas pesetas y como la Academia tiene firmados contratos con ellas, ya le informaré con más detalles a ver lo que se les contesta.

Y también hay que contar que a Roel se le deben 6 o 7 mil.

Solo por curiosidad le envío carta de Julio Dantas que recibí a última hora cuando ya no había tiempo a nada. Tengo ya escrito un trabajo para mandarle, que no se si llegará a tiempo. Se titula «Recuento y estado en que se hallaban las fortalezas y guarniciones de las fronteras gallego-portuguesas en el último tercio del siglo XVIII».

Sin otro particular quedo de Vd. como siempre affmo. amigo que le quiere.

César Vaamonde Lores.

Xoán Naya, no mes de agosto, fuxía dos protocolos municipais franquistas e marchaba para a vila de A Guarda a reunirse co seu vello amigo, xornalista, editor e político nacionalista condenado a morte polo franquismo, exiliado en Caracas, valedor de Celso Emilio, de Carlos Velo, autor de *Fuxidos. Memoria de un republicano gallego perseguido por el franquismo* (1976). Referímonos ao intelectual Xoán Noya Gil (1900-1988), de familia coa que Naya mantivo fortes vencellos, así como co pintor de Goián, Antonio Fernández, e cos entón máis novos intelectuais Ferrín, Manuel María ou Novoneyra.

Nesa entrega á cidade, algo moi común en coruñeses ilustres, ao final da súa vida Mariano Tudela doou a súa biblioteca á Universidade da Coruña, libros que supoñen desvelos, gustos polo que un vai facendo, día a día... Pero a falta de espazo

fixo que este legado duns 4.000 libros, e grazas á profesionalidade da bibliotecaria Laura González-Garcés pasasen, no 2003, á Biblioteca Miguel González Garcés, dirixida por esta. Os libros do chamado «Fondo Tudela» ocupou estanterías ao lado dos libros de Santiago Casares Quiroga que se salvaron do espolio nos anos da guerra, feliz coincidencia de afinidades selectivas.

Co devandito quixéramos axudar a ambientar un tempo gris, onde o silencio e a liberdade coutada se fixo literatura e arte. Concluindo, unha vez máis que fronte á ignorancia, a idiotez e a arrogancia campante, non cabe máis que a cultura, a que levamos posta, como unha praxe, máis que como unha liturxia.

Grazas Olivia, por escoller como tema este tempo tan difícil e estas persoas das que vimos e que, pese a todo, transmitiron luz entre tanta escuridade aínda por elucidar. Benvida a este colectivo que ten un fin e un principio na universalidade que se chama Coruña.

Publicacións de Olivia Rodríguez-Tudela

LIBROS (como autora ou responsable da edición crítica ou da edición anotada)

2001. *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco*,. Vigo, Galaxia.

2002. *Vicente Risco: escritor, etnógrafo e ideólogo do galeguismo*. Vigo, Ir Indo.

2005. Edición e limiar da antoloxía da poesía (en galego e castelán). *Das sonoras cordas. 15 poetas desde Galicia*, Madrid, Eneida, 2005.

2006. Edición crítica e Introducción de: Camilo José Cela. *Retorno a Iria Flavia. Obra dispersa y olvidada*, Santiago de Compostela, Alvarellos.

2008. Edición crítica e Introducción e Apéndices de: Urbano Lugrís, *Balada de los mares del norte. Poemas, cuentos y ensayos (1942-1973)*. Santiago de Compostela, Alvarellos.

2012. Edición e Estudo introdutorio de: Mariano Tudela, *Unha vida de literatura. Obra periodística recuperada (1948-2000)*. Santiago de Compostela, Alvarellos.

2015. Edición anotada y Apéndices de: José Mejuto Bernárdez, *Cartas de un condenado a muerte. Los últimos días en prisión del republicano gallego José Mejuto Bernárdez (1936-1937)*. Santiago de Compostela, Alvarellos.

2016. Edición crítica de Vicente Risco, *O porco de pé*, «Biblioteca Vicente Risco». Vigo, Galaxia.

2017. Edición e Limiar de Urbano Lugrís, *El tesoro de Punta Herminia y otros textos sumergidos (1929-1965)*. Santiago de Compostela, Alvarellos.

2020. En colaboración con Xesús Alonso Montero, Ana Mejuto Soba: *A escritura que ilumina. O legado epistolar de José Mejuto Bernárdez (preso antifranquista, 1936-1937)*. Faro (Portugal), Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve.

2023. Edición e Estudo introdutorio, en colaboración con Esther García de Lucas, de Lois Carré Alvarellos: *Murguía, o Patriarca*. Santiago de Compostela, Alvarellos.

2024. Edición e Estudo introdutorio de Xesús Alonso Montero, *Palabras para o noso tempo. 14 discursos orais (2014-2023)*. Santiago de Compostela, Alvarellos.

ARTIGOS ou CAPÍTULOS DE LIBROS. Escolma de publicacións en distintas liñas de investigación:

CRÍTICA e RETÓRICA

2000. «Recuperación dun discurso esquecido de Manuel Murguía», *Madrygal*, 3, 93-96.

2003. «A retórica periodística de Julio Camba», *Julio Camba. El escritor y su circunstancia*. La Voz de Galicia, 27-40.

2002. «A crítica da literatura galega no Primeiro Rexurdimento», *Vir Bonus Docendi Peritus. Homenaxe a José Pérez Riesco*. A Coruña, UDC, 2002, 349-360.

2005. «Limiar» de Luz Pozo Garza, *As arpas de Iwerddon*. Ourense, Linteo.

2006. «Unha recensión a *As arpas de Iwerddon*, de Luz Pozo Garza», *III Encontro de escritores Galegos. Literatura e Xornalismo*. A Coruña, Deputación da Coruña, 143-150.

2007. «Luz Pozo Garza. Ángeles con patines blancos en la plaza de O Grove», en Joana Sabadell-Nieto (coord.), *Cien años de poesía. 53 poemas en catalán, gallego y vasco: estructuras poéticas, pautas críticas*. Bern, Peter Lang, 157-175.

2008. «María Mariño e a crítica literaria galega», *Madrygal*, 11.

2024. «A arte oratoria de Xesús Alonso Montero», en Xesús Alonso Montero, *Palabras para o noso tempo. 14 discursos orais (2014-2023)*. Santiago de Compostela, Alvarellos, 15-50.

LITERATURA COMPARADA, NARRATOLOXÍA, SOCIOLITERATURA

1998. Con Juan Ribera Llopis, «Aproximación ás relacións literarias galego-catalanas», *Madrygal*, 1, 97-100.

1999. «Rafael Dieste e *O neno suicida*: a narración do tempo ás avesas», *Madrygal*, 2, 127-132.

2001. «La cruz de San Andrés o el Apocalipsis gallego de Camilo José Cela», *La obra literaria de Camilo José Cela. V Curso de verano*. Iria Flavia, Fundación Camilo José Cela, 333-369.

2002. «Os contos de Ramón Otero Pedrayo na revista *Misión*», *Xornadas sobre Otero Pedrayo*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 111-122.

2004. «Mirando ó chau de M. Curros Enríquez á luz de Béranger», *Actas do I Congreso Internacional “Curros Enríquez e o seu tempo”*, 2, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 177-200.

2004. «Carlos Casares e Emilia Pardo Bazán: Os enigmas da vida en *O sol de verán* (2002) e *La Madre Naturaleza* (1886)», *Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa Museo Emilia Pardo Bazán*, 2, 157-175.

2006. «Técnicas narrativas nos contos de Emilia Pardo Bazán», *II Simposio. Emilia Pardo Bazán: Los cuentos*. A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 45-58.

2006. «Literaturas galega e catalá desde 1939: para unha comparación da narrativa histórica (I)», *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da península ibérica*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 369, 398-383,399.

2006. «Canon y literaturas minorizadas: Las letras catalanas y gallegas en el sistema hispánico y su proyección en el canon europeo (I)», 1616. *Anuario 2006, XI. I. Las literaturas hispánicas en el canon europeo. II. Literatura y crisis de las humanidades*, 169-177.
2009. «Carlos Casares e a Xeración Nós». En Camiño Noia / Olivia Rodríguez González / Dolores Vilavedra (eds.), *Actas Simposio Carlos Casares*, Vigo, Fundación Carlos Casares, 214-237.
2010. «A novela do Papagaio coruñés: *La madrugada de las mercenarias*, de Mariano Tudela». Ref. *El Extramundi y Los Papeles de Iria Flavia*, 61, 103-11.
2010. «A poesía galega na revista española *Papeles de Son Armadans* 1956-1979), de Camilo José Cela». En Francisco Lafarga/ Luis Pegenaute/ Enric Gallén (eds.), *Relaciones literarias en el ámbito hispánico: traducción, literatura y cultura. Vol. 3: Interacciones entre las literaturas ibéricas*. Bern, Berlin, Bruxelles, Frankfurt am Main, New York, Oxford, Wien, Peter Lang, 451-462.
2011. «Prisciliano, guión televisivo de Daniel Cortezón e Mariano Tudela». En *Daniel Cortezón*. Viveiro, Imprenta Lar, 323-335.
2012. «Novas sobre Álvaro Cunqueiro na Galicia de posguerra. Actividades na Asociación Cultural Iberoamericana de A Coruña desde 1951», *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, XVII, 135-148.
2014. «Álvaro Cunqueiro como intelectual do franquismo». En Forcadela, M. / T. López / D. Vilavedra (coords.), *Mil e un Cunqueiros. Novas olladas para un centenario*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 329-340.
2014. «O círculo da historia: unha nena da Galicia Mártir». En Ana Acuña (ed.), *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*. Berlín, Frank & Timme, Berlin, 71-95.
2015. «La literatura comparada en la Península Ibérica desde un enfoque sistémico e interliterario». En Ribera Llopis, Juan M.(coord.), Óscar Fernández Poza, Diego Muñoz Carrobles y Rocío Peñalta Catalán (editores). *Literaturas ibéricas. Teoría, historia y crítica comparativas. Revista de Filología Románica. Anejos*. Madrid, UCM, 19-29.
2015. «Nueva York y la literatura gallega». *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, 821. *Fábula y vértigo. Nueva York en las letras españolas* (monográfico), 37-39.

2016. «The Chronotope of Galician Migration in Eva Moreda's *A Veiga é como un tempo distinto*». En María Jesús Lorenzo Modia (ed.), *Ex-sistere: Women's Mobility in Contemporary Irish, Welsh and Galician Literatures*. Cambridge (UK), Cambridge Scholar Publishing, 54-73.

2017. «Nuevo acercamiento a *Vísperas, festividad y octava de San Camilo, 1936* de Camilo José Cela». En Adolfo Sotelo Vázquez (coord.), Sonia Betancort / Alba Guimerà (eds.), *Cela, cien años más*. Sevilla, Renacimiento, 299-329.

2020. «José Mejuto Bernárdez nas prisións franquistas». En Xesús Alonso Montero, Olivia Rodríguez González, Ana Mejuto Soba, *A escritura que ilumina. O legado epistolar de José Mejuto Bernárdez (preso antifranquista, 1936-1937)*. Faro (Portugal), Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve, 41-71.

2020. «Nós como etiqueta na periodización literaria galega», *Grial. Revista Galega de Cultura*, (outubro, novembro, decembro), 18-29.

2021. «Emilia Pardo Bazán como modelo na narrativa galega coeva (1899-1919)», *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 24, 239-248.

2023. «Lugrís na Atlántida». En *Mundo Lugrís*, monográfico de la revista *Luzes*, nº 123, Decembro, 40-45.

SOBRE VICENTE RISCO

1992. «Documentación acerca de las distintas consideraciones de Vicente Risco sobre la lengua y la literatura gallega», *Revista de Filología Románica*, 10, Madrid, UCM: 221-240.

1995. En colaboración con Juan Ribera Llopis, «Relacións entre Risco e Joan Maragall», *Congreso Vicente Risco*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 331-351.

1997. «Os camiños narrativos de Vicente Risco», *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, Vigo, Galaxia, 149-161.

1999. «Vicente Risco e La Puerta de Paja: unha valiosa contribución á novela católica na posguerra española», *Revista de Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, 243-258.

2000. «O milenarismo no pensamento de Vicente Risco», *Grial*, 145, xaneiro-febreiro-marzo, 55-69.

2000. En colaboración con Juan Ribera e Dolores Madrenas, «Perfil y suerte del novirretratismo ramoniano: Vicente Risco y Carles Sindreu», *Revista de Filología Románica*, 17, 319-339.

2001. *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco*. Vigo, Galaxia.

2002. *Vicente Risco: escritor, etnógrafo e ideólogo do galeguismo*. Vigo, Ir Indo.

2003. «O significado do celtismo en Vicente Risco», *As nove ondas. I Simposio Internacional de Estudios Célticos / I International Symposium on Celtic Studies*. A Coruña, Universidade da Coruña, 159-167.

2003. «O pensador», *Vicente Risco. O mestre sempre vivo*. La Voz de Galicia, 165-182.

2006. «Viajeros gallegos por Europa: los diarios de Castelao y Vicente Risco», *Revista de Filología Románica*, 2006, anejo IV: *La aventura de viajar y sus escrituras*. Madrid, UCM, 305-314.

2007. «Vicente Risco. Creación narrativa e teoría literaria», *Rivista di Studi Portoghesi e Brasiliani*, VIII, 39-50.

2007. «Vicente Risco, teórico y fabulador de lo fantástico», no *Seminario da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, La literatura Fantástica Española*. Santander.

2009. «Castelao e Vicente Risco na Europa de Entreguerras», *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 80, 555-569.

2010. *Vicente Risco*. Folleto de divulgación con versións: alemán, inglés, castelano, francés, inglés, italiano y gallego. Asociación de Escritores en Lingua Galega / Xacobeo Galicia.

2010. «Un Vicente Risco pouco divulgado: *Epistolario de Vicente Risco a Antón Losada Diéguez*», Joaquim Ventura Ruiz (ed.), Deputación de Ourense, *Grial*, 1888, outubro/novembro/décembro, 108-109.

2011. «O silencio e a furia para Vicente Risco», *El País, Galicia*, 18-2-2011.

2011. «Vicente Risco, un referente para quen pretenda coñecer a historia da cultura galega», *El País. Galicia*, 25-3-2011.

2011. «Conversa con María Jesús Martínez-Risco, filla de Vicente Risco», *Madrygal. Revista de Estudos Galegos*, 163-171.

2015. «Consideracións metodolóxicas para a edición crítica de textos literarios galegos do século XX. O caso de *O porco de pé* (1928) de Vicente Risco», en Castro, O. / María García Liñeira (eds.), *Trama e urda. Contribucións multidisciplinares desde os Estudos Galegos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

2016. Edición crítica de Vicente Risco, *O porco de pé*, Biblioteca Vicente Risco, Vigo, Galaxia.

2016. «O porco de pé, unha sátira do irmán Vicente Risco na Galiza da ditadura». En Carme Fernández Pérez-Sanjulián (ed.), *As Irmandades da Fala, cen anos Despois*. A Coruña, Universidade da Coruña, 199-2016

2016. «Arredor de Vicente Risco nas Irmandades da Fala», Conferencia por invitación da RAG: *No tempo das Irmandades: fala, escrita e prelos, Xuño - decembro 2016*. Pazo San Marcos. Deputación de Lugo, 10 de novembro de 2016.

2016. «Irmandades e construción ideolóxica: Diálogo entre Antón Losada Diéguez e Vicente Risco», Conferencia por invitación de la RAG: Congreso *Repen-*

sando Galiza: As Irmandades da Fala (1916-1931), 17-19 de novembro de 2016. Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, 17 de novembro.

2021. «*O porco de pé*, de Vicente Risco», *Nós Diario*, 14 de maio 2021, 1-3.

2021. «Notas sobre la representación literaria de la mujer en Vicente Risco». En *Et amicitia et magisterio: Estudios en honor de José Manuel González Herrán*. Edición de Santiago Díaz Lage, Raquel Gutiérrez Sebastián, Javier López Quintáns y Borja Rodríguez Gutiérrez. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 574-58.



Instituto de Estudios Coruñeses.
José Cornide



Concello da Coruña